

As cooperativas, pezas para construír un mundo mellor




CONSELLO GALEGO DE
COOPERATIVAS

 XUNTA
DE GALICIA

"Co seu distintivo énfase nos valores, as cooperativas demostran ser un modelo empresarial versátil e viable, que pode prosperar incluso en épocas difíciles. O seu éxito contribúe a impedir que moitas familias e comunidades caían na pobreza"..

Ban Ki-moon, Secretario Xeral das Nacións Unidas

- 2012, ANO INTERNACIONAL DAS COOPERATIVAS
- A NOSA SOCIEDADE NO COOPERATIVISMO.
Os cooperativistas presentes en un de cada once fogares galegos.
- COOPERATIVAS QUE XA ESTÁN A CONSTRUIR UN MUNDO MÁIS SOLIDARIO E UNHA GALICIA MELLOR.
- O ENCONTRO INTERNACIONAL. Galicia como Centro Mundial do Cooperativismo.
- A REDE EUSUMO: UN PASO ADIANTE NO COOPERATIVISMO GALEGO
- EXPOSICIÓN ITINERANTE, DESCUBRINDO O MUNDO DA COOPERACIÓN



Edita:
Consello Galego de Cooperativas

Realización:
Consello Galego de Cooperativas

Deseño, maquetación e impresión:
Grafisant, S.L.

Depósito Legal:
C-00000-2013

índice

- 4 Editorial
- 6 A ONU declara o 2012 Ano Internacional das Cooperativas
- 8 Opinión do Consello Galego de Cooperativas sobre o AIC
- 10 Que é o cooperativismo?
- 11 As cooperativas no mundo
- 12 O porqué das cooperativas
- 13 A nosa sociedade no cooperativismo
- 14 Beatriz Mato Otero. Conselleira de Traballo e Benesta
- 16 O encontro internacional: Galicia como centro mundial do cooperativismo
- 17 A Mostra
- 18 O Día do Cooperativismo Galego
- 19 Cooperativas que xa están a construír un mundo máis solidario e unha Galicia mellor
- 20 O cooperativismo coida do planeta.
O valor dos nosos montes, o valor do noso. Monte Cabalar
- 23 A cooperación en prol do planeta. Som Energía
- 26 Conducindo o cambio. O Grupo Intercoop
- 28 Da horta á mesa de todos, ou como o cooperativismo
impulsa o emprendemento. Hortoflor
- 30 A cooperación sóbese á bicicleta. La Veloz
- 32 A trazabilidade de produtos e a seguridade alimentaria. Feiraco
- 36 Detodas: cando o cooperativismo acode en prol da solidariedade
- 40 Unha cooperativade viños e aceites con alma social. L'Olivera
- 42 Cooperación veciñal en todo o seu esplendor. Santa María de O Val
- 44 Un café con arrecendo a valores. CECOVASA
- 48 Reinventarse para non quedar polo camiño. Cogal
- 50 As novas formúlas cooperativas.
A xoia da coroa do cooperativismo. Corporación Mondragón
- 52 As Régies Cooperativas: un modelo de cooperación adaptado ao Estado
- 54 Coompanion na promoción do cooperativismo
- 56 Un paso adiante nos servizos sociais. Grupo SSI S. Coop.
- 58 Á vellez, cooperación. Servimayor
- 60 As cooperativas da man da modernización. O Grupo Coren
- 62 A declaración do Consello Galego de Cooperativas
- 64 A declaración da Xunta de Galicia
- 66 A rede eusumo: un paso adiante no cooperativismo galego
- 70 As actividades do AIC
- 71 Os programas do fomento do cooperativismo
- 73 Exposición itinerante, descubrindo o mundo da cooperación
- 74 Directorio cooperativismo en Galicia



Editorial

O mundo cooperativo é rico, si, o é. É rico en formas, en nacionalidades, en valores e en principios.

Esta revista tenta transmitir como o 2012, Ano Internacional das Cooperativas, supuxo un paso adiante na proxeción mundial desta forma de economía social, levando a súa voz chea de principios e valores a cada recuncho do planeta.

Nesta publicación recóllense tamén algúns exemplos de cooperativas que, involucradas nas actividades do Ano Internacional, acudiron ao Encontro Internacional Cooperativo, celebrado en Santiago de Compostela, en calidade de proxectos cooperativos innovadores, de paradigmas de emprendemento e de desenvolvemento e integración.

Grazas á Xunta de Galicia, e en colaboración coa Alianza Cooperativa Internacional (ACI), con asociacións e entidades cooperativas e con outras institucións, Galicia foi por uns días o centro de atención mundial dos ollos cooperativistas.

No Ano Internacional amosouse como no sistema cooperativo o individuo permanece e a súa liberdade e capacidade de iniciativa mantéñense incólumes. E, mentres outras formas xurídicas perseguen unicamente a obtención dun lucro ou beneficio, a actividade cooperativa está encamiñada á dobre finalidade de potenciar e mellorar os privativos intereses dos seus asociados no seu aspecto económico pero tamén no social.

O individuo deixa de ser un monicreque movido só por fíos económicos e toma consciencia do seu papel na sociedade e da posibilidade de traballar, non baixo un sistema, se non integrado nel, funcionando de xeito democrático, cuns valores que se respectan por riba de calquera consideración mercantil.

Neste momento económico de incerteza, a fórmula cooperativa abre un camiño sen espiñas aos emprendedores, aportándolles as vantaxes propias do espírito cooperativo. O autoemprego atopa nesta forma de Economía social un campo fértil onde prender, onde crecer e aportar froitos.

Nas múltiples entrevistas que recolle este número, o lector asiste á confirmación de que non ten que existir unha confrontación entre a xestión empresarial e a administración da vida privada, que as cooperativas incentivan o crecemento sostible e potencian o desenvolvemento das áreas onde se sitúan.

O cooperativismo xorde como un intento máis humano no que traballadores e consumidores unen as súas forzas para xestionar unha empresa solidaria en beneficio de todos. O só feito de ingresar nunha organización cooperativa denota xa sentimentos de solidariedade e bases de educación importantes.

Non existe, pois, mellor proba de progreso dunha comunidade que o progreso da súa cooperación. E neste senso, dende a Consellería de Traballo e Benestar e, máis concretamente, dende o Consello Galego de Cooperativas, estase a impulsar encarecidamente a proxeción deste modelo cooperativo a través de múltiples actividades e programas.

Segundo Ban Ki-moon, secretario xeral da ONU "as cooperativas lémbrenlle á comunidade internacional que é posible perseguir á un tempo a viabilidade económica e a responsabilidade social". Isto é o que, no Ano Internacional das Cooperativas e no Encontro Internacional Cooperativo, as entidades comprometidas cos valores sociais tentaron, e conseguiron, transmitir á cidadanía.

A ONU declarou o 2012
Ano Internacional
das Cooperativas





"As empresas cooperativas axudan a construír un mundo mellor".

Este é o lema que puxo título e significación ao 2012 como Ano Internacional das Cooperativas, proclamado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas.

Os propósitos que se cumpriron no Ano Internacional das Cooperativas centráronse en crear unha maior conciencia da importancia do cooperativismo na redución da pobreza, na xeración de emprego e na integración social.

Para a consecución destas metas, gobernos e institucións implantaron leis e normativas que impulsaron a constitución das cooperativas, pois foi tamén finalidade do Ano Internacional das Cooperativas fomentar a creación e desenvolvemento deste tipo de economía social.

As cooperativas contribúen a un desenvolvemento económico e social, en concordancia a uns principios de democracia e de concienciación da importancia de integración de todos os sectores sociais.

Neste senso, a ONU recoñeceu na súa resolución oficial que "as cooperativas, nas súas distintas formas, promoven a máxima participación posible de todas as persoas no desenvolvemento económico e social, incluídas as mulleres, os mozos, as persoas de idade, as persoas con discapacidade e as persoas indíxenas, que son cada vez máis un factor de desenvolvemento económico e social e contribúen á erradicación da pobreza".


O Ano Internacional supuxo unha oportunidade extraordinaria para o movemento cooperativo de aumentar a conciencia na opinión pública sobre este modelo empresarial baseado en valores.

Tendo en conta o contexto económico no que se desenvolveu o Ano Internacional, tamén se deron a coñecer ás cooperativas como axentes xeradores de emprego, que constan de diferentes mecanismos para facer fronte ás situacións de crise económica.

Procurouse a difusión das vantaxes das cooperativas na contorna social, xa que crean riqueza e benestar contribuíndo a evitar a deslocalización.

Na súa celebración participaron organizacións de todos os ámbitos que se implicaron enormemente nas iniciativas existentes para dar a coñecer o positivo impacto das cooperativas e fomentar o desenvolvemento destas. Así, a Consellería de Traballo e Benestar e as asociacións de cooperativas, de xeito cooperativo e coordinado, estiveron a realizar numerosos esforzos e iniciativas para acadar unha completa programación que contribuíu á difusión do cooperativismo. Moitas destas actividades, tendo en conta a súa efectividade, se prolongaron no tempo e continúan neste 2013, co obxectivo de seguir fomentando as cooperativas.

Opinión do Consello Galego de Cooperativas sobre o AIC



Traballando en prol da creación e desenvolvemento das cooperativas, o Consello Galego de Cooperativas sumouse á Organización das Nacións Unidas para celebrar e brindar o seu apoio ao Ano Internacional das Cooperativas, celebrado no 2012.

Baixo o lema “As empresas cooperativas axudan a construír un mundo mellor”, o Ano Internacional erixiuse nun marco excepcional para mostrar como toda clase de cooperativas, independentemente do seu tamaño e tipoloxía, poden contribuír de xeito significativo a mellorar a vida das persoas. Este modelo de economía social supón unha oportunidade única para a sociedade que se atopa confusa ante o momento de crise económica e de desvalorización dos principios éticos que se está a vivir, e co gallo de transmitir a mensaxe de solidez e flexibilidade do modelo cooperativo en momentos difíciles e para crear conciencia sobre todas as vantaxes das cooperativas, celebrouse o Ano Internacional das Cooperativas.

No Ano Internacional das Cooperativas, seguindo as directrices e recomendacións da Alianza Cooperativa Internacional (ACI) e tendo en conta a importancia do cooperativismo na creación de riqueza e benestar so-

cial dos fogares galegos, o Consello Galego de Cooperativas uniuse ao propósito de dar a coñecer como esta forma de economía social brinda grandes oportunidades aos emprendedores e crea sinerxías de creación de empregos nun contexto de integración social.

Organizacións e institucións de todos os ámbitos que gardan relación co cooperativismo, puxeron en marcha distintas actuacións para celebrar o Ano Internacional. Desde a Alianza Cooperativa Internacional, ata os gobernos e institucións públicas, pasando polas organizacións representativas dos cooperativistas, crearon dinámicas de fomento das cooperativas, en especial, sobre as posibilidades que presentan aos emprendedores e aos interesados no autoemprego.

Este modelo de economía social contribúe a un desenvolvemento equilibrado e harmónico dos distintos territorios e das súas xentes e, polo tanto, a unha Galicia máis xusta e solidaria. Por esta razón a implicación da nosa comunidade no Ano Internacional das Cooperativas foi tan intensa, e por iso mesmo, o Consello Galego de Cooperativas uniuse á ONU para manifestar que as cooperativas axudan a construír un mundo mellor e para fomentar

o cooperativismo como ferramenta no mantemento do benestar e cohesión social.

Para facer realidade esta aposta, o Consello e a Xunta de Galicia impulsaron proxectos e actividades dirixidos a divulgación desta fórmula empresarial. Neste contexto, o Consello estimulou e incentivou a diversos actores sociais, políticos e económicos a intensificar o seu esforzo na promoción das múltiples vantaxes que a fórmula cooperativa aportaría ao tecido social e económico galego.

Todas as iniciativas xestionáronse de xeito cooperativo e coordinado entre a Consellería de Traballo e Benestar, as asociacións representativas do cooperativismo e outras institucións públicas e privadas, que elaboraron unha programación conxunta, realizando distintos eventos durante o pasado ano 2012. Moitas das ditas actividades e esforzos para a promoción do cooperativismo se prolongan no tempo e continúan neste 2013, pois actualmente Galicia segue sumándose ao cooperativismo.



Que é o cooperativismo?

A ONU recoñece na súa resolución oficial que “as cooperativas, nas súas distintas formas, promoven a máxima participación posible de todas as persoas no desenvolvemento económico e social, incluídas as mulleres, os mozos, as persoas de idade, as persoas con discapacidade e as persoas indíxenas, que son cada vez máis un factor de desenvolvemento económico e social e que contribúen á erradicación da pobreza”.

Pero aclaremos, **que é unha cooperativa?**

A cooperativa é unha forma de organización empresarial baseada nunha estrutura e funcionamento democráticos. A súa actividade desenvólvese atendendo aos principios cooperativos, aceptados e regulados nos ámbitos autonómico, estatal e internacional:

- a autonomía e a independencia
- a adhesión voluntaria e aberta dos socios
- a xestión democrática
- a participación económica dos socios
- a educación, formación e información
- o interese pola comunidade
- a cooperación entre cooperativas

As cooperativas son empresas de propiedade e dirixidas por e para os seus membros, os cales son a un tempo clientes e empregados que teñen unha participación igualitaria nas decisións sobre a empresa e nos beneficios.

Valores Cooperativistas

O Cooperativismo, como proposta que busca o ben común dun grupo de persoas que se asocian e se organizan nunha empresa para o alcance dun obxectivo, oriéntase polos seguintes valores:

- **Axuda Mutua:** O grupo que asume unha cooperativa mantén unha relación de apoio, de traballo individual en función dunha meta compartida.
- **Responsabilidade:** Todas as persoas que conforman un grupo cooperativo están pendentes de cumprir sempre o traballo que lles corresponde. Nunca se permite que o logro do equipo se pare por pospoñer algunha tarefa.
- **Democracia:** A máxima autoridade dentro dun grupo cooperativo é a reunión en Asemblea de todos os seus integrantes. As decisións tómanse entre todos.

- **Igualdade:** Todos os membros dun grupo cooperativo teñen os mesmos dereitos e deberes. A asignación de cargos directivos ten un fin cooperativo pero non existen privilexios especiais.

- **Equidade:** Os cooperativistas compórtanse sempre de xeito xusto e equitativo, entendendo que o recoñecemento do traballo achegado por cada asociado é a base do bo funcionamento dunha empresa cooperativa.

- **Solidariedade:** O cooperativista sempre está disposto a dar apoio a outras persoas. Xamais é indiferente á inxustiza, nin ao atropelo da dignidade humana.

Estes valores supoñen o espírito das cooperativas, polo que estamos a falar dunhas entidades que *xorden como un intento máis humano no que traballadores e consumidores unen as súas forzas para xestionar unha empresa solidaria en beneficio de todos*





As cooperativas no mundo

Cada vez máis, o cooperativismo está a converterse nun modelo económico e social con gran presenza a nivel internacional. Os datos falan por si mesmos: hoxe, as cooperativas representan a nivel mundial máis de 800 millóns de socios e máis de 100 millóns de empregos, unha cuestión que, sen dúbida, contribúe de xeito notable a alixear as taxas de paro. Neste senso, cómpre subliñar que as cooperativas crean o 20% dos postos de traballo que representan as firmas multinacionais, o que as conforma coma un modelo en crecemento e *de impacto positivo na contorna social e, máis concretamente, na laboral.*

Máis de 800 millóns de socios e máis de 100 millóns de empregos a nivel mundial

En Brasil o 37,2% do PIB agrícola provén de cooperativas. Logros económicos parellos ao desenvolvemento social digno.

Tamén é importante destacar a aposta de moitos países emerxentes polo cooperativismo. Este é o caso de **Brasil**, onde o modelo cooperativo é o responsable de que o PIB agrícola acadase o 37,2%, e o 5,4% no caso do PIB total. A estes datos súmase que o volume de negocio das cooperativas brasileiras acadada preto de 300 millóns de dólares en exportacións.

Este modelo ten ademais un importante potencial no caso de países pobres ou menos desenvolvidos económica-

mente. Isto é así porque o cooperativismo conforma unha estrutura económica que non potencia as desigualdades sociais existentes se non que, pola contra,

achega un crecemento máis xusto e, ao mesmo tempo, rendible. **Kenya** é un deses casos onde o cooperativismo se amosa como unha vía de desenvolvemento. Neste Estado, as cooperativas de aforro e crédito contan con activos por valor de 2.700 millóns de dólares, o que supón o 31% de todo o aforro nacional bruto.

Abordando o caso europeo, as cooperativas teñen unha presenza moi significativa, aportando certa estabilidade

Europa conta con 160 mil cooperativas que se traducen en 5.400.000 empregados. O modelo ten unha representación de 123 millóns de membros europeos cooperativistas

a un modelo económico actualmente flutuante. Tamén neste marco xeopolítico, as cooperativas demostraron ser capaces de achegar unha solución sostible e economicamente competitiva para a fusión da sociedade da información e o desenvolvemento socioeconómico.





O porqué das cooperativas

“As empresas cooperativas axudan a construír un mundo mellor”. Este é o lema que pon título e significación a este 2012 como Ano Internacional das Cooperativas, proclamado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas.

Este Ano Internacional supón unha oportunidade extraordinaria para o movemento cooperativo de aumentar a conciencia na opinión pública sobre este modelo empresarial baseado en valores. Un modelo rico en canto formas, nacionalidades, valores e principios e no que existe unha vontade de desenvolvemento e de integración.

No sistema cooperativo, o individuo permanece e a súa liberdade e capacidade de iniciativa mantéñense incólumes. E, mentres outras formas xurídicas perseguen unicamente a obtención dun lucro ou beneficio, a actividade cooperativa está encamiñada á dobre finalidade de potenciar e mellorar os privativos intereses dos seus asociados no seu aspecto económico pero tamén social.

O individuo deixa de ser un monicreque movido só por fíos económicos e toma consciencia do seu papel na sociedade, e da posibilidade de traballar, non baixo un sistema, se non integrado nel, funcionando de xeito democrático, cuns valores que se respectan por riba de calquera consideración mercantil.

Nunha situación de incertidume económica, na que as políticas macroeco-

nómicas se mostran contraditorias, nun marco no que existe destrución do emprego e a perda de competitividade e produtividade, a sociedade civil amósase defraudada e ansiosa por respostas e modelos que a leven a un desenvolvemento no que primeiro sexa a persoa e despois o capital. E agora, neste momento económico de incerteza, é cando a fórmula cooperativa amósase con máis claridade como un camiño sen espiñas aos emprendedores, aportándolles as vantaxes propias do espírito cooperativo. O autoemprego atopa nesta forma de Economía social un campo fértil onde prender, onde crecer e aportar froitos, un modelo no que non existe unha confrontación entre a xestión empresarial e a administración da vida privada, xa que as cooperativas incentivan o crecemento sostible e potencian o desenvolvemento das áreas onde se sitúan.

Segundo Ban Ki-moon, secretario xeral da ONU “as cooperativas lémbrenlle á comunidade internacional que é posible perseguir á un tempo a viabilidade económica e a responsabilidade social”.

A fórmula cooperativa significase como estrela guía, que se centra na necesidade de introducir cambios no sistema produtivo que cumpran os seguintes propósitos:

- Fomentar a capacidade emprendedora.

- Aumentar a calidade dos recursos humanos.
- Combinar adecuadamente tecnoloxía e factor traballo.
- Impulsar iniciativas que, a nivel local, acheguen solucións e flexibilicen o sistema produtivo.
- Dimensionar adecuadamente os proxectos.
- Facilitar a relación entre as distintas empresas

Neste senso, as cooperativas preséntanse como modelos de organización menos ríxidos e máis democráticos, nas que todos os seus socios están integrados e participan, nas que a responsabilidade colectiva para acadar estabilidade no emprego é un punto de reforzo.

O só feito de ingresar nunha organización cooperativa denota xa sentimentos de solidariedade e bases de educación importantes. E por isto que non existe mellor proba de progreso dunha comunidade, que o progreso da súa cooperación





A nosa sociedade no cooperativismo



Nesta publicación, recóllense exemplos de éxito cooperativo a nivel internacional, nacional pero tamén autonómico, no que se aprecia a boa saúde das cooperativas galegas, moitas delas líderes nos seus respectivos sectores.

Son empresas rendibles non só a nivel económico, se non social, educativo e tamén ecolóxico, que están a acadar cada vez máis espazo no panorama galego.

Cal é a situación do cooperativismo en Galicia?

O movemento cooperativista galego leva desde a súa orixe, no século XX, mostrándose como unha fórmula na que a chave do éxito reside no seu modelo de organización máis flexible, no que a responsabilidade colectiva é un impulso e a súa vez un respaldo para os

Os cooperativistas están presentes en un de cada once fogares galegos. Falamos de que máis do 2% dos ocupados galegos están vinculados ao cooperativismo.

socios. No actual mapa económico de Galicia, destaca a importante cantidade de 1.135 cooperativas activas.

Os seus socios superan a cifra de 88 mil, dato que presenta unha dinámica de evolución positiva, e un peso significativo en determinados colectivos: agricultores, mozos e mulleres.

E non só os datos evidencian a boa saúde das cooperativas galegas, se non tamén a satisfacción que mostran a maioría dos socios en canto que son parte dun modelo capaz de xerar emprego e prosperidade, ao mesmo tempo que se consolidan unhas prácticas laborais sustentables.





A realidade do cooperativismo en Galicia é certamente destacable, cunha presenza significativa no desenvolvemento de distintos sectores, representando unha importante contribución á estruturación do tecido económico galego. O relevante papel do cooperativismo na nosa comunidade, fai que, dende a Consellería de Traballo e Benestar e dende o seu máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo de Galicia, o Consello Galego de Cooperativas, se estimulen e programen diversas actividades co fin de impulsar o cooperativismo e dar a coñecer todas as súas fortalezas á sociedade galega. Nesta entrevista a Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato Otero, reflexiona sobre as medidas que dende a Xunta se están a realizar para favorecer o crecemento e innovación das cooperativas galegas e explica os programas de apoio ás accións de fomento e divulgación deste tipo de economía social.

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Traballo e Benestar

"Dende a Consellería de Traballo e Benestar impúlsanse e xestiónanse diversos programas de incentivos para apoiar ás cooperativas, que diminúen os riscos e promoven a consolidación dun proxecto cooperativo"

A Xunta, dende a Consellería de Traballo e Benestar e dende o Consello Galego de Cooperativas, está a fomentar a economía social como un actor na sociedade galega. Cales son as principais medidas de apoio á promoción do cooperativismo?

No noso empeño por incentivar e desenvolver a presenza da forma cooperativa na nosa comunidade, desenvolveremos diversas accións de promoción do cooperativismo. Entre estas liñas de acción, cabe destacar a creación da **Rede Eusumo**, coa que se pretende fomentar o cooperativismo e a economía social, prestando especial atención

aos emprendedores e creando sinerxías que incentiven a creación e consolidación de emprego cooperativo.

Tamén, dende o Consello Galego de Cooperativas, lévase a cabo a organización de seminarios técnicos, a elaboración de publicacións e campañas de difusión, eventos divulgativos e o apoio a webs específicas que achegan á cidadanía os contidos informativos e educativos necesarios para embarcarse nun proxecto cooperativo.

Outro punto a subliñar é a presenza en eventos internacionais, tales como a ICA EXPO 2012, que posibilitou a consolidación de canles bidireccionais de experiencias cooperativas, xerando así un campo fértil para a intercooperación e para unha maior relación entre institucións vinculadas á economía social.

De que xeito se lles facilita aos cidadáns o acceso a información e asesoramento sobre a fórmula cooperativa?

Ademais da Rede Eusumo e as anteriores actividades descritas, a Xunta pon numerosas ferramentas divulgativas a disposición dos cidadáns.

Entre os programas destinados a tal obxectivo atópase o proxecto COOPERA+ (consolidación do cooperativismo na Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal), I+COOPERA (apoio á investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación), Cooperativízate! (difusión do cooperativismo aos novos emprendedores) e a Teleformación (formación online).

Todos estes proxectos complementáanse entre si para dar a máis ampla e sólida cobertura posible ás necesidades informativas sobre o cooperativismo.

Con que incentivos, aportados dende a Xunta, contan as cooperativas galegas para facer fronte ao actual momento de depresión económica?

Dende a Consellería de Traballo e Benestar impúlsanse e xestiónanse di-

versos programas de incentivos para apoiar ás cooperativas, que diminúen os riscos dun posible fracaso na consolidación dun proxecto cooperativo.

Neste marco, os cooperativistas contan cun asesoramento inicial que se completa cun financiamento para a incorporación de socios e cun programa de xestión empresarial que aporta a formación directiva e a xerencia necesarias para a viabilidade da cooperativa.

A través destes programas conséguense acadar unha maior viabilidade e organización de todos os requisitos precisos para a consecución dunha cooperativa eficiente.

Que supuxo o Encontro Cooperativo Internacional celebrado en Santiago de Compostela e impulsado pola Consellería para as cooperativas galegas?

Este encontro, cuxa premisa común era que **as cooperativas contribúen a construír un mundo mellor**, facilitou o intercambio de experiencias de éxito do modelo cooperativo de Galicia e do resto do Estado, así como de Europa e de América. Deste xeito, creouse unha fiestra mundial da economía social, na que as cooperativas galegas participantes mostráronse como exemplos de innovación, de desenvolvemento e de emprendemento.

Ademais do efecto positivo que supón estar nun marco internacional, erixindo a marca "Galicia" en espello no que outras cooperativas poden mirarse, os cooperativistas galegos beneficiáronse das relacións e sinerxías establecidas neste intercambio de experiencias cooperativas. Grazas ao Encontro Cooperativo Internacional creouse o marco idóneo para facilitar as relacións de intercooperación, ao mesmo tempo que se producía unha promoción dos produtos cooperativos galegos e unha difusión internacional da boa saúde do movemento cooperativo galego.

Por que se tomou dende a Xunta a decisión de crear a Rede Eusumo? Cales son os seus principais puntos de acción?

A creación desta rede responde á necesidade de dispor dun servizo de apoio e dinamización do movemento cooperativo para os cooperativistas, emprendedores e cidadáns en xeral. Deste xeito, reforza as accións de divulgación da fórmula cooperativa, e tamén establece as bases necesarias para fomentar o emprendemento e consolidación de emprego.

A Rede Eusumo facilita numerosos recursos e infraestruturas, ao mesmo tempo que alimenta a presenza de empresas de economía social en redes de intercooperación de carácter nacional e internacional. Tamén se contempla a realización de estudos, e o apoio ás tecnoloxías de información e comunicación así como ao I+D+i, para configurar un reforzo sen precedentes ás cooperativas da nosa comunidade.

Este programa, cofinanciado polo Fondo Social Europeo 2007-2013, supón un paso máis no esforzo que dende a Xunta, a Consellería de Traballo e Benestar e dende o Consello Galego de Cooperativas se realiza en prol da divulgación dun movemento no que se busca potenciar e mellorar os intereses dos seus membros no seu aspecto económico pero tamén social.

A Rede Eusumo supón unha oportunidade sen igual para o crecemento e desenvolvemento do cooperativismo galego.





O encontro internacional: Galicia como centro mundial do cooperativismo

No 2012 como Año Internacional das Cooperativas e co gallo de organizar unhas xornadas nas que intercambiar experiencias cooperativas, a Xunta de Galicia en colaboración coa ACI, con asociacións e entidades cooperativas e con outras institucións, celebraron o Encontro Internacional Cooperativo.

Neste encontro no que se uniron diferentes voces do cooperativismo de Galicia e do resto de España, de Europa e de América, proclamouse unha premisa común: *as cooperativas contribúen a construír un mundo mellor.*

Celebrado os días 5 e 6 de xullo no marco do proxecto COOPERA+, este congreso supuxo un lugar de xuntanza cooperativa no que se expuxeron diferentes casos de boas prácticas deste tipo de economía social. Deste xeito, déronse a coñecer exemplos de implementación dos valores cooperativos, reflectindo as grandes capacidades económicas e sociais do movemento cooperativo.

Grazas a este Encontro os asistentes ao mesmo, entre os que se contaban cooperativistas, técnicos e interesados en xeral, puideron enriquecer a súa visión e formación sobre o método cooperativo.

Este evento, *inaugurado polo Presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo*, contou coa presenza do *Vicepresidente da Alianza Cooperativa Internacional, don Felice Scalvine* (tamén presidente de Cooperativas Europa).

Estas xornadas supuxeron unha fiestra para as estratexias de éxito de cooperativas, non só a nivel local e autonómico, senón tamén, nacional e internacional.

Neste contexto, realizáronse varias mesas redondas e relatorios para a posta en común de proxectos cooperativos, onde os diversos poñentes de diferentes países tiveron como punto en común a importancia dos valores do modelo cooperativo e a súa capacidade para adaptarse perfectamente as realidades socioeconómicas na que se atope cada empresa cooperativa.

No Encontro participaron numerosas cooperativas, entre elas, todas as experiencias que se recollen neste número, así como tamén importantes voces do cooperativismo tales como o presidente de CEPES, Juan Antonio Pedreño Frutos; o presidente da CICOPA-ACI, Manuel Mariscal; o director xeral de Cooperativas Agro-Alimentarias e ex-presidente do COGECA, Eduardo Baamonde Noche; e o presidente de CI-RIEC- ESPAÑA, José Luis Monzón Campos.



◀ O Encontro Cooperativo celebrouse no Pazo de Congresos e Exposicións de Santiago de Compostela.

Esta exposición posibilitou a visibilización das actividades das cooperativas galegas.

A mostra

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, a Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o Director Xeral de Relacións Laborais, Odilo Martínán, na inauguración do Encontro.

De forma complementaria e simultánea ao Encontro tivo lugar a Mostra de Produtos e Servizos Cooperativos.

litou o establecemento de canles de comunicación e colaboración entre todos os participantes e visitantes.

A mostra, realizada durante os días 5, 6 e 7 de xullo, creou un marco excepcional e idóneo para facilitar as relacións de intercooperación e de carácter comercial, así como posibi-

Con esta mostra conseguiuase a visibilización das actividades das cooperativas galegas e das invitadas aos encontros, mediante a exposición dos seus produtos e servizos.



Conferenciantes na mesa redonda sobre o cooperativismo nos servizos sociais.



A mostra facilitou as relacións de intercooperación.



Difundíronse os valores cooperativos entre os máis novos.



Nenos e adultos interesáronse pola exposición sobre as cooperativas. jpg

O día do cooperativismo galego



Os integrantes de NOVA ASECONIA.

O Día Do Cooperativismo Galego, celebrado o 7 de xullo, constituíu a culminación destes tres días de actividades, mostrando o grande interese que suscita o mundo cooperativo en Galicia.

Como colofón dos actos centrais do Ano Internacional das Cooperativas, este evento contou coa asistencia de numerosos membros das cooperativas galegas, razón pola cal foi o momento escollido para facer entrega da UNDÉCIMA EDICIÓN DOS PREMIOS Á COOPERACIÓN.

Estes premios dan recoñecemento aos logros e ás contribucións realizadas nes-

te campo polas cooperativas galegas. Ditos galardóns teñen como finalidade fomentar e difundir o cooperativismo, os seus principios e valores, así como recompensar publicamente o labor que os cooperativistas, cooperativas e outras persoas e institucións veñen realizando a prol do desenvolvemento do movemento cooperativo en Galicia.

Premio aos valores cooperativos, outorgado a SONAXE.

Mellor proxecto cooperativo, outorgado a NOVA ASECONIA e MÁIS GALICIA.



Os membros de SONAXE recibindo o premio da man do Director Xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñán.



Máis Galicia.



Cooperativas que xa están a construír un mundo máis solidario e unha Galicia mellor

Nesta publicación, co gallo de transmitir unha mostra do vasto e rico universo cooperativo, *recóllense as experiencias de cooperativas que asistiron ao Encontro Internacional Cooperativo e que son exemplos de empresas comprometidas ca contorna social, cooperativas que participaron en calidade de proxectos innovadores, de paradigmas de emprendemento e de integración.*

Grazas ao Encontro, cooperativas galegas, do resto do Estado, de Europa e de América, intercambiaron impre-

sións, expuxeron os seu procesos de desenvolvemento e compartiron os seus valores. Neste marco, Galicia demostrou ser un campo fértil do cooperativismo, amosando como a nosa comunidade ten moito que dicir ao resto do mundo sobre as experiencias cooperativas.

A continuación, o lector atoparase cos casos de diversas cooperativas, con contextos e características diferentes entre si, pero cunha premisa común e que as une a todas: *o cooperativismo axuda construír un mundo mellor.*



Monte Cabalar

Cando falamos dunha cooperativa estamos a referirnos a un modelo de economía que ten en conta, non só as necesidades dos seus socios e traballadores, se non tamén as da súa contorna, establecendo unha relación simbiótica co mesmo. Isto é o que ocorre con Monte Cabalar, unha cooperativa de explotación comunitaria da terra que lle devolveu o pulo a un monte que sufrira o abandono e as lapas do lume.

O cooperativismo coida do planeta



Monte Cabalar, S.Coop. Galega

O valor dos nosos montes, o valor do noso

A natureza e a paisaxe son elementos que tamén definen a un pobo, a unha comunidade, polo que coidar delas supón conservar a identidade do que é un e do que foron os seus devanceiros. Malia isto, a paisaxe galega está chea de montes abandonados, desaproveitados. Algo que non acontece cando existe un movemento cooperativo como o de Monte Cabalar.

Monte Cabalar é unha cooperativa de explotación comunitaria da terra establecida no concello de A Estrada, un proxecto emprendedor que comezou no ano 2006 e que, seis anos despois, pode presumir de ser unha empresa consolidada, que conta con máis de 360 socios integrados na experiencia dunha explotación silvopastoral en réxime cooperativo.

Monte Cabalar agrupa aproximadamente a máis de 1.000 propietarios nunha explotación gandeira en extensivo con máis de 700 hectáreas de monte fechadas nas parroquias de Somoza, Tabeirós, Nigoi, Arca e Souto, e que ten como unha das súas metas evitar o abandono e o minifundio.

“Actualmente somos 362 socios, cun reparto equilibrado entre homes e mulleres, e con diferente participación: a maioría cede as terras para o seu aproveitamento pola explotación da cooperativa, un terzo participa con terras e con capital voluntario, e aínda hai un grupo que, non tendo terras ou non sendo residente, quere participar nunha experiencia tan singular”, comenta Fuco Barreiro, presidente desta empresa

de Economía social. Isto é un exemplo que evidencia a importancia das cooperativas para evitar a deslocalización e para impulsar o reflote dunha economía local. O vínculo que se establece entre a cooperativa e a contorna supón que este tipo de empresa social impulse o desenvolvemento integral da zona ao mesmo tempo que se nutre dos seus recursos.

O feito de que as cooperativas están formadas maioritariamente por persoas que viven na mesmas zonas onde se constitúen, contribúe a que no exercicio da actividade e produción da cooperativa se empreguen materiais e recursos locais, poñendo en alza o seu valor.

Esta cooperativa supuxo a saída da situación de abandono do monte nunha gran parte da zona de A Estrada que, como no resto de Galicia, sufrira desde fins dos anos 60 un desaproveitamento da capacidade produtiva dos montes

A orixe da cooperativa Monte Cabalar

Unha das graves consecuencias do abandono, alén do desaproveitamento de recursos e da imposibilidade de identificación da propiedade, foi a aparición dos incendios.

Aos nosos avós se lles caían a alma aos pés, cando ollaban cara o monte, cheo de maleza nalgúns casos, tisonado e raquíto obra do lume noutros. Que mellor maneira de enxugar esa coita que recuperando o valor dos montes, devolvéndolles a súa importancia na comunidade e a maxestade das súas árbores. “Un proxecto tan ambicioso como o noso, que intervén en algo tan sagrado para a xente como é a propiedade da terra, só pode iniciarse a través dun diálogo social transparente e intenso e cun proceso que integre as diferentes sensibilidades e intereses e asuma un compromiso colectivo co propio medio e de cooperación para recuperalo. Este proceso xerou na fase inicial a confianza e a ilusión necesarias para aglutinar a maioría dos afectados e implicalos lexitimando o proceso”, comenta o presidente desta cooperativa creada no ano 2006

O axioma que se incorporou ao pensamento colectivo foi o que segue: os recursos están no medio, en nós a capacidade de habilitar instrumentos para xestionalos, e creouse opinión actuando como un grupo aperturista con capacidade de presión perante a propia comunidade e a Administración.

Á hora de aclarar porque se configurou este proxecto como cooperativa, Fuco Barreiro destaca que “só na fórmula de

cooperativa de explotación comunitaria da terra converxen múltiples vantaxes: permite a participación da totalidade dos afectados adquirindo voluntariamente diferentes compromisos, cesión de terra, capitalización, traballo; posibilita un retorno proporcional á participación de cada quen; cristaliza un proxecto comunitario e sustentábel en coherencia cos principios da Economía social e garante a transparencia democrática sobre o principio *un socio un voto*. Deste xeito superáanse as tensións veciñais, en prol dun proxecto común cuxa acción vén marcada polos principios de cooperación.

Modelo de valorización do monte

Esta cooperativa supuxo a recuperación dos terreos do monte abandonados, a través das achegas voluntarias dos socios, que conseguiron acondicionar de novo os terreos para que volvan ser produtivos, producíndose uns beneficios non só de capital, se non tamén de fixación do emprego. “A nosa acción preventiva a través da xestión dos recursos naturais renovábeis, con técnicas de mínimo laboreo e de adaptación a unha orografía variable, cunha orientación cara o mercado local, permítenos falar de que a nosa é unha produción sen pegada de carbono nin hídrica”, expresa Fuco Barreiro, deixando entrever a súa satisfacción persoal como integrante desta empresa de Economía social.



Monte Cabalar aposta polas razas autóctonas.



A xestión eficiente dos recursos naturais é unha directriz da cooperativa.



Cooperativistas de Monte Cabalar.

Modelo de xestión: silvopastoralismo

Moitas veces deixamos técnicas que empregaban os nosos devanceiros por consideralas obsoletas. Pero en numerosas ocasións eses coñecementos da sabedoría popular pódense combinar cos novos sistemas tecnolóxicos, dando como resultado un cóctel de eficiencia. A cooperativa Monte Cabalar emprega un modelo de xestión baseado na recuperación do equilibrio agroforestal tradicional, a través da actividade do silvopastoralismo..

"A nosa esencia é adaptarnos ao medio, ás súas características, tentando recuperar o equilibrio que se mantivo tradicionalmente entre a comunidade e a xestión dos recursos naturais".

Empréganse técnicas de antano pero xestionadas baixo un réxime cooperativo e incorporándoas a un sistema que modernice e faga máis rendible a actividade.

Monte Cabalar conta cun un rabaño de 360 cabras, e de 100 cabezas de gando participando no programa de recuperación de razas autóctonas, 26 cabezas de rubia galega inscrita, e unha grea de 50 eguas con 28 inscritas en pura raza galega. Unha aposta polas razas galegas que está saíndo gañadora, pola boa acollida, a nivel local e supralocal, dos produtos desta explotación..

O éxito, ademais de pola calidade do produto, tamén se ve reforzado pola imaxe de marca que transmite, xa que o selo de Monte Cabalar leva implícitos valores cada vez máis valorados polo consumidor, tales como os asociados á produción tradicional e ecolóxica.

"Nós botámonos ao monte véndoo como un ecosistema integral, que necesita unha xestión conxunta e ordenada porque a acción individual no monte é un fracaso; que interpreta a comentada orografía variable con reforestacións diversificadas evitando grandes masas monoespecíficas e ampliando os marcos de plantación; e que acada o equilibrio na xestión dos diferentes recursos naturais a través do pastoreo e o silvopas-

toreo. Hai pois, que ollar cara a xestión tradicional e fuxir dos reduccionismos académicos e das contratas con grandes empresas que, igual que aparecen, desaparecen. Por iso nós seguimos no monte!", afirma orgulloso o presidente desta cooperativa de explotación da terra que vén actuando como punto de encontro, de transferencia de tecnoloxía e de experiencias en temas como valoración de montes, silvopastoralismo ou gandaría en extensivo.

A recuperación do uso social do monte e a descuberta de recursos humanos como activos neste proceso innovador foron outros dos éxitos máis significativos desta cooperativa que se loa, e ten razón para facelo, de ser unha cooperativa na que existe un aproveitamento sostible de recursos naturais parello ao desenvolvemento integral dos socios e das parroquias involucradas. Todo isto, nun contexto no que, grazas á actividade de Monte Cabalar, reduciuse enormemente os incendios



Som Energía

A primeira cooperativa de produción e consumo de enerxía verde. Así se define o que é Som Energía. Esta entidade pretende ser un movemento social para acadar un motor do cambio do modelo enerxético, ao tempo que aposta por un "socio-consumidor", evitando o modelo de consumidor pasivo, e combinando as tecnoloxías limpas e maduras nun proceso que tamén resulta rendible economicamente.

A cooperación en prol do planeta

▲ Som Energía garantiza a enerxía verde

Os recursos naturais son espoliados e esgotados sen control, o ar tórnase cada vez máis denso, as nosas paisaxes menos verdes e azuis e os nenos comezan a debuxar o sol sen unha cara que sorrí. Malia todo isto, mantémonos moitas veces impasibles, deixando que o planeta que van herdar os nosos fillos se deteriore non precisamente de xeito paseniño. Pero hai lugar para o optimismo, porque as solucións están moi preto de nós, baixo iniciativas e nomes tan diversos e potentes como o de Som Energía, a primeira cooperativa de consumo e produción de enerxía renovable do Estado.

A cooperativa Som Energía é un modelo pioneiro no sistema enerxético que conta xa con máis de 3.000 socios.

"Trátase dun sistema que permite a calquera ter acceso á enerxía de orixe renovable, ca mesma tarifa que a deno-

minada enerxía sucia. Ser socio de Som Energía supón gañar certa independencia das grandes compañías enerxéticas e adquirir maior control no referente ao consumo enerxético", explica Ana Marco, membro do Consello Reitor de Som Energía, amosando unha cara de gran satisfacción persoal, que se acentúa cando explica o porqué da súa incorporación a esta cooperativa sen ánimo de lucro: "A posibilidade de investir directamente en proxectos renovables para desenvolver unha economía sostible e ser copropietario nunha empresa onde todos os membros teñen igual voto, supuxo para min un aliciente máis para incorporarme a Som Energía".

O nacer do proxecto

Dinamarca, Bélxica, Países Baixos, Reino Unido... Son moitos os países europeos que contan xa con amplos e desenvolvidos modelos de cooperativas de enerxía renovable, nos que miles de persoas abastecen as súas necesidades enerxéticas grazas a fontes verdes tales como

muíños eólicos, placas solares, plantas de biogás, etcétera.

Ante estes exemplos de éxito, un grupo de persoas vinculadas á Universitat de Girona, decidiron poñerse mans á obra e imitar estas experiencias, para tentar involucrar á cidadanía no paso para modificar o modelo enerxético existente. Era a primavera do 2010, e foi o momento de xerminación de Som Energía.

Unha vez constituída como cooperativa, Som Energía viu como, en pouco máis dun mes, o seu número inicial de 150 socios multiplicouse case por 10.

"O que Som Energía ofrece é a oportunidade para miles de persoas de subministrar enerxía á súa casa con electricidade xerada localmente, de xeito limpo e sostible. A unión é o que fai que isto sexa posible", asevera a cooperativista. É no ano 2011 cando Som Energía, SCCL, funciona plenamente como unha cooperativa, que é capaz de acadar o seguinte obxectivo: converterse nunha

empresa de Economía social que comercializase electricidade 100% renovable, ademais de dar os pasos necesarios para comezar cos primeiros proxectos propios de produción de enerxía.

No modelo cooperativo, baseado en principios democráticos, encontraron os fundadores da cooperativa a forma dos seus zapatos. Foi o espírito cooperativista o que axudou a consolidar os preceptos e valores que inicialmente se estableceron.

Hai que ter en conta que son pouco os exemplos no Estado deste tipo de iniciativas, e os existentes, son proxectos a grande escala e realizados por poucas (e grandes) empresas que non son cooperativas. No intento de que a súa cooperativa serva de exemplo, Som Enerxía tenta conseguir a popularización das enerxías renovables. Para isto son necesarias medidas de promoción local, que xeren unha conciencia colectiva, así como postos de traballo relacionados coa enerxía renovable, contribuíndo á creación dunha economía verdadeiramente sostible.

O proceso de Som Enerxía

Som Enerxía inicia a comercialización de electricidade verde a partir do sistema de utilización dos certificados de garantía de orixe (CNE). A cooperativa compra no mercado a enerxía eléctrica que os socios consumen e, ao mesmo tempo, provese dos certificados de garantía de orixe de produtores de enerxía exclusivamente renovable.

Para considerarse totalmente renovables, os certificados verdes deben garantir que o 100% da enerxía que consumen os seus socios-consumidores provén dalgunha instalación produtora de enerxía renovable. Paralelamente, Som Enerxía traballa para desenvolver pequenos proxectos de produción de enerxía en catro sectores: biogás, fotovoltaico, eólico e biomasa..

O obxectivo desta cooperativa é chegar a cubrir a completa demanda de electricidade dos seus socios, á vez que estes poidan ter un seguimento e coñecemento minuciosos do seu consumo.

“Som Enerxía facilita non só enerxía limpa, que non é pouco, se non tamén, unha comprensión do gasto e da factura moito maior. Son numerosas as veces que nos sentimos desprotexidos fronte as grandes empresas enerxéticas, que nos envían facturas que realmente nos soan a chino”, argumenta Ana Marco. Esta cooperativa ofrece aos seus socios unha constante información de todos e cada un dos cambios de tarifa, así como a posibilidade de consultar todos os aspectos da súa factura a través do seu portal web.

Malia ser unha cooperativa coa súa sede en Cataluña, Som Enerxía leva os seus servizos a calquera parte do Estado, o que está a posibilitar a súa expansión xeográfica e o incremento de socios, xa que “unha das maiores vantaxes que ofrece a cooperativa é que calquera usuario, viva onde viva, pode consumir enerxía verde e entre todos aumentase a xeración renovable grazas aos proxectos propios da cooperativa”.

Isto permite utilizar enerxía de orixe renovable e a prezo accesible na casa dun, mentres que se participa na transformación do Estado, para facer del un lugar sostible e ambientalmente respectuoso para vivir. Ser socio desta cooperativa e consumir a enerxía ver-



Som Enerxía considera a rendibilidade tamén desde o factor ecolóxico.



A enerxía verde é o modelo sostible que ofrece a cooperativa.



A cooperativa tenta concienciar da necesidade de enerxías renovables. ▼

de, non require trocos no xeito de recibir a electricidade na casa. Som Enerxía encargárase dos requisitos administrativos necesarios para garantir que a enerxía recibida provén dunha fonte renovable. O que se fai é aproveitar a instalación xa existente, polo que non se require ningún tipo de modificación da mesma.

O porqué da enerxía verde en cooperación

Som Enerxía supón un modelo de negocio cunha filosofía que entende a rendibilidade como algo máis alá do económico, que a valora como algo que aporte beneficio tamén dende o social e o ecolóxico. Sempre baseada en criterios sostibles, cunha gran actividade innovadora, que tenta afastarse dos modelos obsoletos e de lucro, Som Enerxía dá resposta a necesidade dun modelo enerxético alternativo ao actual, o cal se mostra insostible ao atoparnos no "peak oil", isto é, ao borde da extinción das reservas de petróleo, que se encarece de xeito precipitado, algo do que os cidadáns se dan conta cada vez que teñen que encher o depósito dos seus automóviles.

No seu empeño en manter constantes o principio cooperativo de preocupación pola comunidade e o valor de igualdade, e como medidas de aforro, Som Enerxía prescinde dos grandes soldos a directivos, conta con oficinas modestas e eficientes e realiza unha xestión e comunicación efectiva principalmente vía web.

"A cooperativa é o resultado da intelixencia colectiva posta en marcha", así é como Ana Marco define o significado que para ela adquire o concepto de cooperativa. E unha mostra desta capacidade colectiva é tomar medidas cara un modelo enerxético sostible, máis tendo en conta que nos atopamos nun momento onde as fontes enerxéticas de base mineral, das que maioritariamente se nutre a nosa sociedade, están a esgotarse, alén dos efectos negativos dos combustibles fósiles no cambio climático. Tomando como sistema o modelo de enerxías verdes o abastecemento enerxético adquiriría máis seguridade, xa que na actualidade hai unha excesiva dependencia exterior de zonas en conflito, e camiñar cara un modelo sostible supón favorecer a produción descentralizada e a economía local.

O obxectivo de Som Enerxía é sumar as voces de miles de persoas para trocar un modelo dependente por outro 100% renovable a través dun modelo de xestión de participación grazas a súa identidade como cooperativa. Para que a suma de moitas persoas con valores cooperativos consiga xerar unha forza única e extraordinaria en prol da valorización dos nosos recursos. Para que os nenos volvan a debuxar soles sorrindo.



Ana Marco en Santiago de Compostela, cando acudiu ao Encontro Internacional Cooperativo.



O Grupo Cooperativo Intercoop ten a misión de liderar e conducir o cambio de modelo cara a unha cooperativa de futuro e xerar riqueza para as cooperativas que engloba, os clientes, os traballadores e a comunidade na que se desenvolve. Englobando a 159 cooperativas da Comunidade Valenciana, Intercoop eríxese en modelo de desenvolvemento integral, un grupo empresarial cooperativo implantado no mundo agroalimentario e rural, que se constitúe como unha rede de valor e apoio para os seus socios nas áreas comercial, froitos secos e servizos empresariais. Para levar a súa vontade cooperativista e o seu compromiso social, o grupo conta coa Fundación Intercoop, unha entidade sen ánimo de lucro que asume fins tales como o desenvolvemento, a promoción, o estudo e a formación en materia de cooperativismo e Economía social. Nesta entrevista, Fina Çonell, técnica agrícola e membro da Fundación, acláranos de que xeito o Grupo inflúe no desenvolvemento integral e nas 159 cooperativas que o conforman.



Conducindo o cambio

Fina Çonell

Técnico agrícola da Fundación Intercoop

"As cooperativas son o modelo de maior arraigamento a un territorio e de gran implicación no desenvolvemento da zona. Ao intentar cubrir as necesidades dos socios, están a cubrir as necesidades do territorio onde teñan influencia".

Que vantaxes comparativas lles ofrece o modelo cooperativo fronte a outras formas de economía?

Un dos puntos fortes do cooperativismo é a posibilidade de participar na empresa sen necesidade de achegar sumas importantes de capital. Por outra parte, tamén é unha vantaxe a participación na xestión así como a retribución en función da achega do socio, polo que en definitiva, como fórmula de Economía social, se prima e retribúe o traballo

e non o capital. Finalmente, a cooperativa asegura a venda e o cobramento en circunstancias normais de mercado, o que para un agricultor é un aspecto fundamental.

De que xeito Intercoop favoreceu a valorización dos recursos naturais do territorio no que operan? Que medidas, políticas ou decisións de Intercoop están destinadas a ese propósito?

A nosa actividade fundamental foi a agricultura, un recurso natural. O noso obxectivo foi sempre xerar valor engadido aos produtos que traballamos, industrializando, comercializando máis directamente, aproveitando os subprodutos para outros usos con maior valor engadido... Por outra parte, intentouse introducir a idea, na liña da multifuncionalidade na linguaxe da PAC, da poliva-

lencia das cooperativas co fin de poder traballar noutros aspectos e sectores que, ligados ao ámbito, se poden desenvolver xunto á agricultura, de forma que dispersamos o risco de estancamento na zona ante unha crise da agricultura. A través dun proceso de cambio de esquema mental, conseguiuase que esta sexa unha formulación clara dos consellos reitores das empresas do grupo.

No grupo imperan a implantación da polivalencia, a innovación constante e a busca de fórmulas diferentes de facer e comercializar.

Cal é a posición do grupo no aproveitamento de recursos naturais?

Intercoop está a traballar con AGACA o proxecto BIOES2 onde se fai unha valoración do territorio e os seus recursos tanto tanxibles coma intanxibles. Isto dá pé a considerar a posibilidade de traballar en actividades ligadas ao ámbito, consideradas por expertos da zona de relevancia nun futuro. Deste xeito o que procuramos é o fomento das accións emprendedoras, todo iso cun concepto moi claro de aproveitamento dos recursos naturais xunto aos agrícolas, así como tamén buscamos o fomento doutras actividades pero sempre ligadas aos recursos existentes garantindo así a súa existencia a futuro.

Inténtase facer visible os potenciais dunha zona e os servizos ambientais que ofrece sen recibir nada a cambio das zonas urbanas.

Se dende sempre tivemos en conta o respecto ao noso ámbito, e agora este aspecto aínda está máis reforzado, pois se mide a través dunha auditoría de responsabilidade empresarial.

Como evolucionou e en que grado o desenvolvemento integral do medio agrario co que operan as cooperativas deste grupo?

A evolución máis importante foi a mental. Estase aberto a calquera suxestión que supoña novas actividades e desenvolvemento para a zona. As cooperativas impulsaron proxectos de turismo,

produtos alternativos, servizos, enerxías alternativas, etcétera, e nalgúns casos os proxectos consolidáronse. Noutros casos pola crise e por problemas de xestión, as súas influencias non tiveron a evolución desexada, non obstante o camiño está marcado, e co novo impulso do proxecto Bioes, de fomento de novas actividades máis ligadas ao ámbito natural, queda aínda máis acoutada a estratexia a seguir.

"O concepto de cooperativa vai unido intrinsecamente ao de participación."

Como se logra estruturar a grande actividade e as cooperativas que conforman este grupo sen perder os valores cooperativos?

Para conseguir un modelo de empresa hai que ter en conta primeiro o histórico. No noso caso vimos dunha provincia con máis de cen anos de historia e moitos anos de cultura organizativa, en moitas ocasións de segundo nivel, o que nos dá un punto de partida bo para organizar os sectores produtivos nunha única organización. Partimos dun concepto de grupo territorial, non sectorial, o que nos leva a organizarnos pensando en salvagardar valores e patrimonios históricos. Necesidade e crenza nunha única imaxe, discurso, dirección, etcétera, en busca de sinerxías e de posibilidades de axuda mutua e

desenvolvemento en común: así se xera ligazón entre as cooperativas.

Cal considera que sería un das principais dificultades que se atopou o Grupo Intercoop ao longo da súa traxectoria?

Por unha parte atopamos o atranco do individualismo, e en moitos casos tamén a do egoísmo aínda que pareza unha contradición dentro dunha cooperativa. A baixa rendibilidade que ten o sector agrario en xeral e a volatilidade dos seus prezos tamén xera unha grande incerteza. A isto hai que unir a descapitalización do sector que fai difícil reinvestir neste e abordar transformacións necesarias.

A nivel social, cal é o maior achegamento de Intercoop como cooperativa?

Destacamos na nosa dedicación dos recursos ao desenvolvemento rural dos territorios sobre os que o grupo Intercoop ten influencia.

Colaboramos e incentivamos o cambio de mentalidade para que moitas cooperativas diversificasen a súa actividade e hoxe poidan sobrevivir ao ter diluído o risco da crise no sector agrario, que non rural. Somos pois, unha empresa agroindustrial innovadora e ao mesmo tempo implicada no desenvolvemento económico da zona onde está situada.





Hortoflor

Hortoflor foi fundada por un grupo de veciños de Ourense que a diario competían na praza de abastos por colocar os produtos da súa horta. Vendo como por separado a cousa non funcionaba de todo ben, uniron forzas. Grazas á experiencia cooperativa puideron mellorar a calidade e a cantidade da súa produción, ofrecer novos servizos aos clientes e ampliar as fronteiras de comercialización a onde antes era impensable.

Da horta á mesa de todos, ou como o cooperativismo impulsa o emprendemento



Nun momento como o actual, de crise económica xeneralizada e co sector agrario pasando por momentos especialmente delicados na comunidade, cun modelo de negocio moi tradicional e prezos baixando ano a ano, o cooperativismo formúlase como un bo recurso para aguantar os golpes baixos do mercado. Iso, alomenos, é o que pensa Pío Caride, xefe de almacén de Hortoflor, unha cooperativa dedicada á produción e comercialización de flores e hortalizas.

A idea desta empresa social naceu dun grupo de persoas que vendían os produtos da súa horta na praza de abastos de Ourense e que vían como, día a día, competían uns con outros. Pensaron que era mellor xuntarse e vender como un só, con prezos unificados beneficiosos para todos. Como a unión fai a for-

En total, a cooperativa está conformada na actualidade por 130 socios, pero contan tamén con colaboradores espallados por toda a provincia e dispoñen de diferentes puntos de recollida de produtos para facilitarlles a súa labor aos socios.

za, o negocio funcionou e así foi como decidiron construír unha nave na que almacenar a produción e desenvolver a súa actividade. Sería o primeiro paso dunha actividade que non fixo máis que medrar dende entón (falamos de mediados dos anos 80) e que xa incorpora socios de zonas como Bande, Verín ou o Norte de Portugal, e que diversificou

a súa oferta, ao incorporar a produción de flores aos seus servizos (hoxe, esta división supón o 50% do negocio).

“Como todas as cousas, este negocio tamén estivo mellor ca está”, conta Pío Caride, quen recoñece que “coas inversións que fixemos, fomos aguantando o tirón”. Ao mesmo tempo, Caride explica que a horticultura require de menores inversións que outros sectores, como é o caso da gandería ou a agricultura, o que facilita que “unha familia poida vivir da produción dun terreo”. Neste senso, o xefe de almacén de Hortoflor baséase no exemplo desta cooperativa e móstrase tallante cando afirma que, para vivir dos cultivos dunha horta, “en Galicia a única fórmula é asociarse”. Ao seu xuízo, o cooperativismo ten unha vantaxe fundamental sobre os modelos de negocio capita-



Hortoflor aposta pola intercooperación.

listas: “se unha cooperativa está ben xestionada, os beneficios recaen directamente sobre os produtores, pero nin sequera existe esa presión que teñen as empresas privadas de xerar beneficios, con cubrir gastos é suficiente, e isto é importante nun sector coma o noso”.

A maiores, Caride destaca algunhas das vantaxes que teñen os socios de Hortoflor polo feito de ser parte da cooperativa. Entre elas, explica, é a propia organización a que xestiona os produtos de sementeira, os citosanitarios, etcétera, o que, ademais de conseguir mellores prezos, libera desa carga aos horticultores. “Pero o produtor tamén ten moita liberdade para facer o seu propio traballo tal e como queira”, indica. Iso si, dentro dunhas marxes para evitar desfases na produción, unha cuestión que, porén, xa se prevé cada ano coa planificación das plantacións que farán durante o seguinte exercicio.

Á procura de novas vías de negocio

Dado que se viven momentos de certa incerteza, Hortoflor comezou hai xa uns anos a buscar solucións que lle permitan mellorar a comercialización da súa produción de cara ao futuro. Nesta liña, en 2009 a cooperativa apostou polo I+D+i poñendo en marcha o proxecto “Horto-Palet”, cuxo obxectivo é comercializar os excedentes manténdoo en condicións óptimas para a venda, empregando novas técnicas de envasado.

Grazas ao sistema que se basea na conservación en atmosfera modificada, conseguiron reducir custos derivados das devolucións, aumentar o tempo de comercialización dos produtos –co seu conseguinte beneficio en termos económicos– e acceder a mercados internacionais.

Por outra banda, a cooperativa aposta pola asociación con outras organizacións para posicionarse en grandes áreas comerciais. Dende hai un tempo teñen xa establecidos convenios con cadeas de supermercados para a comercialización do pemento de Padrón e a xudía. “Por aquí hai que seguir”, di Pío Caride, “asociándonos máis co fin de tratar os produtos en calidade, cantidade e servizos nas áreas comerciais”. Ao fin e ao cabo, esta fórmula de xuntar forzas xa lles saíu ben aos fundadores da cooperativa cando viron que a solución aos seus problemas era deixar de vender por separado na praza de abastos de Ourense.



Co nacemento de Hortoflor os produtores teñen mellores vantaxes competitivas.





Grupo La Veloz

Bicicletas, forza de vontade e valores cooperativos. Ese é o comezo da historia do Grupo La Veloz, unha cooperativa de traballo asociado, que xorde en Zaragoza no ano 1993, como servizo de ecomensaxería empregando como vehículo de reparto as bicicletas.

A cooperación sóbese á bicicleta



A idea deste proxecto de La Veloz, xorde dun grupo de mozos en situación de desemprego que deciden saír dese estado mediante un proxecto empresarial innovador no seu entorno: "Eliximos a forma cooperativa porque é o modelo económico máis democrático que existe, e o que máis se adecúa aos nosos valores. Os principios dunha persoa un voto e o fomento da participación foron factores decisivos para decantarnos por este tipo de Economía social. **Un xeito de autoemprego que ademais consta de valores e de responsabilidades de cara á comunidade**", comenta Javier Ortega, presidente da primeira empresa de mensaxería do Estado que emprega a bicicleta como medio de transporte.

A cooperativa ponse en marcha con 22 socios traballadores e, aínda que inicialmente comeza ca actividade de mensaxería en bicicleta, grazas ao incremento da demanda, pouco a pouco vaise diversificando o negocio. "Agora

tamén contamos con mensaxería de paquetes máis pesados e distribuímos a nivel nacional, ampliando o emprego de vehículos, moitos dos cales son eléctricos, pois os integrantes de La Veloz estamos moi concienciados sobre o respecto ao medio ambiente", asegura Ortega. No espírito desta cooperativa albégase unha importante responsabilidade ecolóxica, unha xestión dos recursos na que se incentiva o desenvolvemento sostible, con medidas que van dende o uso dos devanditos vehículos eléctricos, pasando pola utilización de material reciclado nas oficinas, ata o emprego de materiais bioclimáticos e parámetros de bioconstrución para a realización das instalacións e almacéns.

Neste servizo da cooperativa, un millón trescentos mil paquetes foron transportados en bicicleta, o que supón que se deixen de emitir mil cincocentas toneladas de CO2 á atmosfera.

Máis cooperación en máis actividades

A medida que o Grupo La Veloz medra, tamén se diversifican as súas actividades. Así, na mesma cooperativa, no ano 2001 ponse en marcha a actividade de asesoría, a través de Nabata, na que se ofrecen servizos de xestión e consultaría exclusivamente para entidades de Economía social e Solidaria. "Neste apartado traballamos con corenta entidades, tales como cooperativas, sociedades laborais, asociacións...Deste xeito o noso grupo zaragozano realiza labores de asesoramento técnico, laboral, fiscal, apoio a emprendedores, resolución de conflitos de grupo, etcétera, como maneira de difundir a mensaxe solidaria e eficiente do cooperativismo", comenta Javier Ortega ao respecto.

Tres anos despois da posta en marcha da asesoría, os socios involucranse nunha nova actividade e poñen en marcha

RECICLETA, dedicada á venda e reparación de bicicletas novas e de segunda man apostando pola reciclaxe e polos valores de conservación e permanencia.

“Nestes tempos de crise é mellor non ter todos os ovos no mesmo cesto, polo que supón un vantaxe esta diversificación de actividades, que se traduce nunha diversificación de riscos”, alude o cooperativista. *Como integrantes de La Veloz, os seus socios presumen de que os valores cooperativos están totalmente arraigados desde a súa orixe, que se fortalecen co paso do tempo e que non se degradan co crecemento da empresa.*

Javier Ortega argumenta que esa fidelidade aos valores nótase nos momentos de dificultades: “Esta conciencia cooperativa permítenos acadar un equilibrio que sería impensable se non existise esa solidariedade interna. No Grupo La Veloz temos un sistema retributivo propio, que establece que todos recibimos o mesmo soldo independentemente da función que desempeñemos, xa se traballe de repartidor na sección de mensaxería, na oficina da consultaría ou en calquera outra actividade da cooperativa”.

Grazas a eses vasos comunicantes as perdas da actividade de transporte provocadas pola situación de depresión económica, son compensadas polas ganancias nas outras dúas actividades de La Veloz, conseguindo deste xeito, non perder postos de traballo. “Os cargos da consultaría poderían gañar máis pero báixanse os salarios para manter a actividade mensaxeira, e isto non creou ningún tipo de tensión nin conflito dentro da cooperativa”, comenta o presidente da entidade, exemplificando así a importancia do modelo cooperativo para acadar o reflotamento das empresas en crise.

Esta ampliación das tarefas do grupo, máis alá da ecomensaxería en bicicleta, tamén se xustifica porque os seus integrantes atopáronse nunha tesitura: chegaría un momento no que persoas xa formadas nos valores cooperativos en La Veloz, non poderían continuar activos porque as condicións físicas lle imposi-

bilitarían continuar traballando como mensaxeiros na cooperativa. “ Ningún de nós nos víamos con 60 anos dándolle ao pedal, así que isto tamén impulsou a diversificación das actividades da nosa cooperativa, para que a xente puidese rotar de ocupación na mesma”, argumenta Ortega, amosando na súa faciana un xesto de alivio contido.

A importancia da intercooperación

O camiño cara a consecución desta conciencia cooperativa tamén tivo atrancos que superar; nunha sociedade na que o individualismo lle come terreo ao pensamento colectivo, adoptar e concienciarse do funcionamento como ente cooperativo supón un esforzo e un cambio de actitude, pero exemplos como o do Grupo La Veloz alentan a idea de que o cooperativismo é unha forma democrática de empresa totalmente viable tamén dende o punto de vista económico.

A cooperativa é o prevalecer da solidariedade e da intercooperación, tomando conciencia de é imposible sobrevivir só. E isto o teñen claro nesta empresa social, polo que participan activamente en un gran número de espazos, foros e actividades ligados ao cooperativismo, tanto a nivel local, estatal e internacional.

Un dos proxectos nos que esta envolto o grupo é a creación de Coop 57 Aragón, entidade especializada en prestar servizos financeiros a proxectos de Economía social e que participa no Proxecto Fiare de banca ética.

Tamén destaca o seu impulso na creación de Mercado Social de Aragón, unha rede de produción, distribución, aforro e consumo de bens e servizos que funciona con criterios democráticos, ecolóxicos e solidarios. No mercado convencional, o que fixa os prezos é o distribuidor dos produtos; en cambio, no mercado social isto é concertado entre produtores e consumidores. “Por iso La Veloz asume a responsabilidade de converterse en soporte da distribución a nivel local, dentro de Zaragoza”. Ortega explica que o mercado social “caracterízase por unha conexión entre produ-

“La Veloz, un exemplo de que á forza das decisións colectivas non as suple a da individualidade”.

tores conscientes e responsables e consumidores conscientes e responsables”.

Máis do 80% das necesidades dunha persoa poderían satisfacerse dende un modelo de Economía social, modelo que ten máis respecto polo medio ambiente, polas condicións de produción. Ortega comenta que a cooperativa que preside tenta pór en valor todos os produtos, servizos e entidades vinculadas ao cooperativismo, facendo un esforzo por facer máis visible a súa importancia, creando unha rede de consumidores responsables, tanto a nivel individual como colectivo, que realicen as súas compras en entidades de Economía social.



Con Recicleta, o Grupo La Veloz amplía o seu marco de acción.



Local da asesoría Nabata.

O caso de Feiraco



FEIRACO

É unha das compañías líderes en comercialización de lácteos, xa non só en Galicia, senón en toda España. Nos seus corenta e tres anos de historia, Feiraco logrou uns números aos que poucas compañías agrogandeiras poden chegar e fíxoo seguindo unha máxima moi clara: "calidade de principio a fin". O seu modelo cooperativo, que unicamente recolle leite dos seus propios socios gandeiros, e a posta en práctica duns estritos controis de calidade dende as explotacións á planta de envasado, son a chave para o cumprimento desta premisa, grazas á que se converteu na primeira empresa de lácteos europea que recibe un certificado AENOR de calidade e seguridade alimentarias. Nesta entrevista, o seu presidente, José Montes Pérez, repasa algúns dos fitos máis destacados da compañía e reflexiona sobre o valor do cooperativismo á hora de competir nun mercado tan esixente como o actual.

A trazabilidade de produtos e a seguridade alimentaria nas cooperativas

José Montes Pérez
Presidente de Feiraco

"Son tempos para unirse de xeito profesional e competitivo, especialmente no noso sector, para resistir a crise e saír dela, se cabe, reforzados"

Feiraco é unha compañía líder no sector lácteo. De que xeito inflúe o feito de ser unha cooperativa no éxito do negocio?

Nestes momentos convulsos que nos están tocando vivir, e de xeito moi directo no noso sector, a Economía social converteuse nunha das mellores ferramentas para resistir os envites da crise e nunha das mellores maneiras de innovar

e de emprender. Fronte a outros modelos empresariais, sociedades laborais e sobre todo cooperativas buscamos a xeración de emprego, o aproveitamento integral de recursos, a creación de valor e a rendibilidade social e sustentable e, en última instancia, de riqueza, baseadas no reparto equitativo do traballo e a participación, tamén equitativa, nos beneficios.

Á responsabilidade compartida súmanse ademais vantaxes doutra índole como fiscais, en forma de axudas e subvencións, e unha operativa de traballo seguindo estándares de calidade nos procesos produtivos que garantan o retorno máis sostible, eficiente e eficaz para todos os chanzos da cadea e, en último termo, para o consumidor.

A fórmula do cooperativismo, algo no que Feiraco foi absolutamente pioneira en Galicia e no sector agrogandeiro, á que o noso recordado presidente fundador, don Jesús García Calvo, se adiantou hai xa máis de 40 anos, está sendo moi considerada na actualidade. Tanto é así que o ano pasado as Nacións Unidas proclamaron o 2012 como Ano Internacional das Cooperativas a fin de crear conciencia sobre o cooperativismo e alentar a organismos reguladores a establecer políticas adecuadas que propiciasen o seu impulso, desenvolvemento e crecemento maduro. Son tempos para unirse de xeito profesional e competitivo, especialmente no noso sector, altamente atomizado e disperso, para resistir a crise e saír dela, se cabe, reforzados.

Considera que o modelo cooperativista aporta algunha vantaxe ou diferenciación á hora de competir no mercado con outro tipo de compañías?

Ademais do xa exposto, existen, na actualidade, liñas de actuación clave que marcan o futuro das cooperativas, fundamentadas en ofrecer normas, método, operativa e, porén, garantías mínimas e rendibilidade compartida, co apoio dunha serie de servizos (con custos reducidos) para os socios de xeito que lles faciliten o seu traballo diario de campo, como son a implantación dun

sistema de Contratos Lácteos Obrigatorios; tamén un sistema de Extensión da Norma; maior accesibilidade e cobertura de organismos de referencia no sector, como son por exemplo a INLAC ou o Centro Tecnolóxico Cetal, que desenvolven actuacións orientadas á mellora sectorial. Quero lembrar, neste senso, que o noso director xeral, don José Luis Antuña, ocupa actualmente a presidencia das dúas entidades do sector máis representativas a escala nacional, o Consello Superior de Cooperativas Lácteas e a Interprofesional Láctea –INLAC–, que agrupa a todo sector, desde produtores, sindicatos, cooperativas, ata a industria. É unha circunstancia que debemos aproveitar.

As cooperativas líderes como Feiraco favorecen, ademais, a creación de organizacións que poidan negociar conxuntamente os prezos do leite dos produtores, feito que axudará a mellorar a transparencia e equilibrar a cadea de valor do sector.

Ao mesmo tempo, *a pertenza a unha Cooperativa supón dispor dunha ponte de acceso máis áxil ante orga-*

nismos oficiais (Ministerio –paquete lácteo–, Consellería...) para acadar a mellora da eficiencia nas cadeas de valor, pasando por obter garantías de calidade e sistemas de autocontrol; seguimento dos prezos e custes e intercambio de información entre axentes sectoriais; fomento da internacionalización do sector...

Cales son os valores que caracterizan a Feiraco e dos que, como presidente, vostede se sente máis orgulloso?

O principio de responsabilidade social, entendido como aquel que dá cobertura ás políticas de actuación en materia medioambiental, comunitaria e corporativa, constitúe o pilar sobre o que se asentán os demais atributos de compromiso coa nosa contorna e coa nosa sociedade; co noso sector e co noso contexto socioeconómico. Neste senso, vimos de adherirnos recentemente ao “grupo empresarial galego en materia de RSE”, unha plataforma constituída pola Consellería de Traballo e Benestar e composta por 12 das principais compañías galegas para o fomento da Responsabilidade Social Empresarial no ámbito produtivo do noso país.

Os programas da Fundación Feiraco, a nosa principal ferramenta para trasladar o noso compromiso coa sociedade, recollen con detalle todo este capítulo



Feiraco contou cun stand na mostra cooperativa do Encontro Internacional Cooperativo.



de solidariedade, promoción dos valores propios como a lingua e a cultura; programas formativos, conciliación da vida laboral e persoal, etcétera. Unha filosofía que naceu coa propia cooperativa hai máis de catro décadas.

Outro dos valores transversais sobre os que tentamos asentar as nosas accións é a innovación, a aposta polo I+D como motor de diferenciación, competitividade, calidade, garantía de futuro para todos os que compoñemos a cooperativa, desde a base produtora ata o consumidor final.

Ademais, temos que salientar a nosa integración en asociacións cooperativas de maior dimensión e organizacións profesionais provistas dunha base suficientemente sólida como para operar no mercado actual, esixente e global, con maiores garantías; e ao mesmo tempo, que represente e atenda aos intereses de todos e cada un dos seus socios. Exemplos destas macroestruturas sectoriais nas que Feiraco ten un peso específico son o Clúster Alimentario de Galicia (CLUSAGA), a asociación Cooperativas Agroalimentarias de España ou a Agrupación de Cooperativas Lácteas, liderada por Feiraco, que procurou unha das grandes operacións

dos últimos tempos e unha esperanza real para o presente e o futuro do noso sector, a compra e explotación industrial da planta de Clesa.

Feiraco é a primeira empresa de lácteos que consegue un certificado de AENOR que garanta a calidade e seguridade alimentarias. Cómo se chega a alcanzar un recoñecemento coma este?

Supón, en efecto, un fito sen precedentes en toda Europa, que por primeira vez unha empresa láctea reciba un certificado (segundo a norma UNE-EN ISO 22.000) que acredita o primeiro elo da cadea alimentaria: o da produción. Situamos deste xeito once das explotacións dos nosos socios produtoras de leite UNICLA no máis alto nivel de calidade e seguridade alimentarias ao dotalas do recoñecemento internacional.

Todo o esforzo e traballo fíxonos acadar nos últimos anos grandes metas no terreo da calidade e da inocuidade agroalimentarias. A experiencia acumulada levounos a apostar polo I+D+i como elemento de diferenciación no mercado, converténdose nun método de calidade que ten incrementado considerable-

mente a súa produtividade e exclusividade empresarial fronte a outras marcas.

Nesta liña, a cooperativa dispón tamén da "Letra Q" do Ministerio, un logotipo que certifica a garantía dun sistema de trazabilidade completa en todas as etapas de produción, transformación e distribución dos alimentos lácteos que comercializa a marca Feiraco. E tamén selos como o de "Galega 100%", que acredita a orixe puramente autóctona de Galicia do leite Feiraco.

Ademais, formamos parte da marca de garantía Galicia Calidade e contamos con outros recoñecementos e certificados de calidade como o de Empresa Familiarmente Responsable, que nos outorga o certificado en Conciliación e Igualdade; a ISO 9001 e a ISO 22.000. Froito do noso compromiso co I+D obtivemos, xa no ano 2009, o Premio Europeo á Innovación Cooperativa na categoría de "procesos alimentarios" polo noso leite UNICLA. Para Feiraco este tipo de certificacións supón pasos de xigante no noso camiño cara a plena excelencia, ruta na que continuaremos traballando para mellorar día a día e ofrecerlle aos consumidores un leite superior.



A cooperativa invirte en I+D+i para mellorar a súa competitividade.

É difícil garantir una determinada calidade final cando a materia prima provén de diferentes socios, cada un xestor do seu propio produto?

No caso de Feiraco, todos os socios da cooperativa deben traballar cuns estándares de calidade que fixamos para garantir a máxima seguridade, inocuidade alimentaria e trazabilidade plena dos produtos que se comercializan baixo a marca Feiraco. Neste sentido, as marxes de erro son mínimas e desviarse do “método Feiraco”, difícil.

O produtor adecúa os seus métodos de traballo, o manexo e a alimentación animal aos estándares de calidade para evitar calquera perda de valor do leite antes de que chegue á planta procesadora ou ao consumidor.

Un manexo correcto e unificado do leite desde o momento que sae da vaca permite ao produtor maximizar a súa ganancia, asegurar a máxima calidade dos produtos da cooperativa e mellorar a imaxe da marca ante o consumi-

dor. Desde Feiraco somos conscientes de que situar no mercado artigos que non están en perfecto estado provoca o rexeitamento do consumidor non só cara o produto senón cara a marca, facendo que sexa menos probable que confíe nela no futuro. Ademais, os nosos socios saben que comparten o impacto dun mercado reducido cando os consumidores desaparecen a causa de leite en mal estado provinte deses poucos produtores, de aí que eles sexan unha das partes máis interesadas en cumprir con eses estándares de calidade e co método de traballo fixado en Feiraco, que se resume na máxima “calidade de principio a fin”.

Que medidas adoptan para garantir que en ningún momento falle a trazabilidade e cadea de valor do produto?

Fundamentalmente, controlar todas e cada unha das fases da cadea de valor con inspeccións e controis permanentes e moi especialmente a raíz do noso produto: a produción en orixe con medidas hixiénico-sanitarias no tocante á

alimentación, benestar e manexo dos animais, que non deixen lugar a dúbidas sobre cal é o noso método: calidade de principio a fin.

Respectar o método Feiraco é a clave para asegurar a cadea de valor cos máis altos estándares de calidade.



Calidade de principio a fin, esta é a máxima de Feiraco.



Detodas

Unha cooperativa de crédito que non só presta diñeiro, se non que brinda oportunidades e capacitación a mulleres de moi escasos recursos económicos. Este é o espírito de Detodas, unha entidade ecuatoriana que posibilita que as súas socias accedan a un préstamo, algo que lles é imposible no sistema financeiro tradicional. Un proxecto no que a solidariedade é o temón que rexe o seu funcionamento.

Detodas: cando o cooperativismo acode en prol da solidariedade



“Non traballamos con mulleres pobres, traballamos con mulleres valiosas”. Así é como Mariana Giler Hernández, xerente da cooperativa de aforro e crédito Detodas, amosa o seu respecto pola socias que forman parte deste proxecto que desborda solidariedade. “Non traballamos con mulleres pobres, traballamos con mulleres valiosas”. Así é como Mariana Giler Hernández, xerente da cooperativa de aforro e crédito Detodas, amosa o seu respecto pola socias que forman parte deste proxecto que desborda solidariedade.

Detodas é unha cooperativa que naceu no 2002 en Guayaquil, a cidade máis poboada de Ecuador, cando 45 guayaquileños, conscientes da grave situación económica e social de gran parte da poboación desta cidade, en especial do sector feminino, decidiron poñer en marcha un proxecto que impulsara o desenvolvemento tanto económico como social.

Así, este grupo promotor puxo en marcha a cooperativa Detodas cun programa de pequenos créditos que beneficiaban a mulleres de escasos recursos económicos. “Na costa ecuatoriana había outras operadoras de aforro e crédito pero que ofrecían servizos financeiros a persoas que tiñan garantías (vehículos, casa propia, traballo fixo, cartos, etcétera), que tiñan un valor económico, pero ningunha brindaba oportunidades

a aquelas mulleres nos índices de pobreza”, explica Mariana Giler.

O apoio crediticio de Detodas permítelle a estas mulleres xerar recursos para mellorar as condicións de vida delas e das súas familias, para poder saír dos límites da exclusión social.

“Esta cooperativa ten en consideración outras premisas que realmente si dignifican ás persoas, tales como a confianza, a responsabilidade, a perseveranza, o coraxe e o traballo mutuo. E son estes valores e non outros os que rexen o funcionamento desta cooperativa”.

Foi para dar resposta a ese problema, polo que se orixinou Detodas, que ofrece a aquelas mulleres en situación de pobreza a posibilidade de acceder a créditos que lles axuden a poñer en marcha unha actividade económica.

“Estas mulleres tiñan totalmente res-trinxido o acceso aos servizos do sistema financeiro tradicional porque non contaban con valores capitais que ofrecer á banca tradicional” - a voz de cooperativista mostra indignación- “pero en Detodas, os valores son outros.”

A metodoloxía Grameen

Á pregunta de como logran estruturar unha cooperativa deste tipo sen caer no caos, que tivo unha inversión inicial de tan só 4500 euros, cun grupo obxectivo tan vulnerable, e que agora conta con 1200 socias, Mariana Giler amosa un sorriso satisfactorio que leva a un a interesarse máis aínda pola resposta: “Procuramos unha metodoloxía que se adaptase tanto ás mulleres como á cooperativa, para que esta axuda inicial ás socias tamén puidese revertir positivamente na recuperación da inversión. E foi neste punto onde o método Gram-

men, apareceu en escena, unha forma organizativa adaptada á nosa realidade guaiquileña”.

Esta metodoloxía baseada nos micro-créditos, apareceu no libro *Un mundo sen pobreza*, cuxa autoría pertence a Mohamed Yunnus, Premio Nobel da Paz no 2006. A obra caeu nas mans dos fundadores de Detodas, e atopouse nel o procedemento axeitado para o tipo de cooperativa que se procuraba.

A cooperativa ecuatoriana adaptou o sistema Grammen, baseado en establecer grupos solidarios formados cada un deles por cinco mulleres. E varios grupos forman un centro que serve de punto de reunión e de xestión da cooperativa.

“O éxito desta forma organizativa é que entre elas cinco danse garantías cruzadas, é como unha man, na que os cinco dedos fan falla e a actividade dos cinco permite o funcionamento eficaz e eficiente da man”, explica a cooperativista. Malia que o grupo se establece como garantía solidaria, as actividades produtivas que exerce cada socia son independentes e diferentes.

Ademais establécense ciclos para gozar dos créditos, isto é, o primeiro acceso ao crédito gózase por un período de seis meses, prazo que se incrementa a medida que se accede ao seguinte crédito, ata un máximo de 5. No primeiro dos ciclos se lles aporta un crédito de 100 dólares. “Hai xente que nos di que a cantidade de 100 dólares é moi pouquiño, que con iso non axudamos en nada. Pero é que, no noso contexto guaiquileño, con eses cartos conséguese facer moitas cousas: pódese comprar fariña, un litro de aceite e dúas libras de peixe, e con iso elaborarías empanadillas, e vendéndoas a 50 centavos, xa se recuperaríase a inversión. Con 100 dólares pódense facer moitas cousas só fai falla creatividade, moita perseveranza, e moito traballo duro”, así é como Mariana Giler dá conta de que a iniciativa persoal é fundamental para que a cooperativa poida ir adiante.

Un dos requisitos para que unha socia poida acceder ao crédito é que sexa nai ou teña algunha carga familiar. As destinatarias dos créditos son pois, mulleres con alto risco de exclusión social.



A metodoloxía Grammen ensínaselle ás novas cooperativistas.



Todas as socias teñen cargas familiares.



Mariana Giler, xerente da cooperativa Detodas, no Encontro Internacional Cooperativo.

Na orientación sobre que iniciativa económica emprender, antes de acceder ao primeiro ciclo ás socias se lles imparte un curso de capacitación. O que se pretende con estas clases é poder orientar ás novas socias no manexo de pequenos negocios, alentándoas a que fagan unha investigación de mercado a pequena escala para que identifiquen as carencias comerciais da súa zona.

Para poder acceder ao segundo ciclo, e polo tanto ao seguinte crédito, estas mulleres teñen que pasar por un proceso de avaliación, tanto por parte dunha asesora como do centro. Avalíanse catro criterios:

- puntualidade nos pagos → con isto avalíase a disciplina
- aforro → traballo
- a asistencia ás reunións → solidariedade
- crecemento do negocio → perseveranza

“O crédito non é un fin, é un medio para que estas mulleres podan acceder a outros beneficios, para que o desenvolvemento sexa integral. No segundo ciclo as mulleres reciben un crédito de 200 dólares ou 250 como premio por haber cumprido os obxectivos e requisitos fixados”, insiste a xerente.

Cando as socias se incorporan á cooperativa esta non solicita que as mulleres teñan aforros. Pero unha vez se lle dá o crédito e comezan a actividade produtiva teñen que ter ingresos e estes dedícalos ao aforro.

É por isto que para o segundo crédito teñen que ter un aforro de 26 dólares. Se non se chega a esta cantidade ou ben se lles limita a cantidade do segundo crédito ou se lles retira do proxecto. Nesa valoración tamén entran as catro socias compañeiras do mesmo grupo que opinan sobre o grao de compromiso da quinta muller ca cooperativa, así como tamén téñense en consideración dous aspectos: a capacidade de pago e a vontade de pago. “Somos conscientes de que traballamos cun grupo vulnerable, no que o feito de que se che enferme o teu fillo supón que non te poidas encargar do negocio. O teu capital de traballo vense abaixo porque tes que ocuparte do teu familiar”, aclara a cooperativista ecuatoriana.

Nos casos nos que a vontade de pago si existe malia que a capacidade non, se lle permitiría continuar na cooperativa, daríasele oportunidade de permanencia en Detodas.

O valor da solidariedade por riba de todo

Detodas amósase como unha realidade cooperativa que cumpre con todas as premisas e valores cooperativos. Na súa vontade de manter o principio de solidariedade e respectar a súa razón de ser como empresa social, cando as socias acadan uns beneficios considerables e teñen unha consolidada base empresarial, a cooperativa desliga os créditos de ciclo desta muller que xa está preparada para voar soa no ceo da economía tradicional.

Unha das esixencias para poder formar parte da cooperativa é a de non dispoñer doutro crédito da banca tradicional, porque Detodas traballa con aquelas mulleres excluídas do sistema financeiro.

A crise mundial, fixo que no ano 2008 esta cooperativa sufrira unha situación de endebedamento e en Detodas experimentouse unha forte morosidade nos pagos: “O que acontecía – argumenta Mariana Giler- era que algunhas socias xa tiñan outros créditos, o que ía en contra do noso obxectivo de brindarlle oportunidades a quen non ten acceso aos préstamos. Os 800 euros que se lle destinaría a unha muller que ingresa no

cuarto ciclo, se esta xa goza doutro crédito, non se lle entregaría, destinando esa inversión á concesión de oito créditos para que se integran no primeiro ciclo". Este tema foi moi analizado en Asemblea e no consello de administración, xa que nestes casos vivíanse situacións de sentimentos encontrados, así o explica a xerente de Detodas: "A cooperativa forma a esta muller, lle aporta valores e lle proporciona unha cultura de crédito e aforro, unha disciplina. E unha vez adquire todas estas aptitudes, vas e mándaslla en bandexa de prata á banca tradicional para que lle cobre taxas de interese máis altas, lle dea máis créditos, etcétera". Por esta razón, no ano 2009 Detodas amplía a súa actividade crediticia e ofrece a aquelas compañeiras que xa completaban os 5 ciclos, o acceso a un crédito individual, abandonando xa a metodoloxía Grammen.

"O noso principio é seguir brindando oportunidades, sempre. Detodas non dá axudas. A caridade ofrécena a igrexa, as ONG's, etcétera. Nós somos unha cooperativa de aforro e crédito, non entregamos beneficencia, brindamos oportunidades. O crédito tes que devolveo, tes que honralo", o ton de Mariana Giler adquire agora un cariz case solemne, que reflicte o orgullo que sente polas súas compañeiras.

Actualmente Detodas está levando o seu modelo ao mundo rural, tentando que a súa estratexia comercial baseada en valores e no desenvolvemento cooperativo chegue a aquelas aldeas nas que non existen intermediarios financeiros.

Detodas conta con 25 centros nos que traballan 1200 socias, a maioría delas con cargas familiares. Estas mulleres experimentan unha evolución, un crecemento persoal que lles impulsa a participar activamente noutros campos da súa vida.

A maioría das socias non teñen formación, e moitas veces son menosprezadas na súa contorna. A partir da súa inclusión na cooperativa, experimentan unha toma de conciencia da súa importancia tanto a nivel individual como colectivo, que mesmo as insta a participar no ámbito político e económico local.

"Temos socias que son elixidas para formar parte da xunta parroquial. Moitas destas mulleres ven valoradas por primeira vez as súas calidades como xeradoras de riqueza para a súa familia e de desenvolvemento para súa zona", comenta Giler. Este é o caso de Márgara Navas, unha muller que comezou en Detodas no 2004. A xerente da cooperativa explica o caso: "Comezou con 100 dólares e puxo un negocio de caldo de salchicha e dende entón, grazas ao seu esforzo e ao apoio da cooperativa, logrou establecer cinco negocios, accedendo a un crédito individual de 4 mil dólares."

Pese a súa escasa ou nula formación académica, estas mulleres son boas administradoras, pois levan o peso da economía doméstica e saben como distribuír ingresos e gastos. Dándolle esta oportunidade, elas acceden a unha emancipación económica con respecto ao seus maridos ou familiares. "Rompe-mos os paradigmas de xénero, inculcándolles que o traballo do fogar pode ser compartido, e que elas poden acceder tamén ao mercado laboral. "

Ese crecemento persoal reflíctese no día a día, na súa maior participación, ata na súa forma de camiñar. Mariana Giler conta que na sociedade ecuatoriana aínda está moi arraigado o machismo e a violencia de xénero e que moitas compañeiras que se suman á cooperativa dubidan das súas capacidades, influenciadas polos comentarios negativos e pexorativos dos seus maridos e mozos. Neste aspecto a cooperativa tamén toma medidas: despois do seu ingreso en Detodas existe un proceso de capacitación, no que se lles inculca que cada unha delas serve, ten capacidade e aptitudes, tomando conciencia da súa dignidade como mulleres, da súa capacidade e do seu poder de influencia e de utilidade na comunidade.

A cooperativa tamén ofrece servizos de asesoría legal en casos de violencia de xénero, así como un gabinete de apoio psicolóxico.

"Coraxe, iso é o que define ás mulleres desta cooperativa, o que comprace a Detodas, que grazas ao cooperativismo e a súa capacidade de transmitir valores permitiu que estas mulleres guaiquileñas lograsen unha independencia económica parella a un desenvolvemento persoal e económico. Formar parte desta cooperativa e compartir os seus valores de solidariedade é o que me enche de orgullo a min", sentencia Mariana Giler.



A inclusión na cooperativa afasta ás socias do risco de exclusión social.



L'Olivera

Producir aceites e viños de calidade nun contexto de integración; así é o funcionamento de L'Olivera, unha cooperativa de traballo asociado e de iniciativa social que ten a súa sede en Lleida. Formada por socios traballadores na súa maior parte, conta cun colectivo de persoas con dificultades de inserción social (discapacidade psíquica) que viven e traballan na cooperativa. L'Olivera é, pois, un exemplo da capacidade das cooperativas na integración de colectivos.

Unha cooperativa de viños e aceites con alma social



En L'Olivera cultívanse as viñas e oliveiras, pero tamén poñen a xerminar a semente da integración social das persoas con discapacidades psíquicas. Esta é a alma de L'Olivera, un proxecto cooperativo construído no ano 1974 en Vallbona de les Monges, ao sur da provincia de Lleida, na Cataluña rural.

L'Olivera produce viños e aceites en cuxa produción se pretende, ademais da calidade do sabor, tamén a rendibilidade social, un sistema no que impere un sentido de conciencia social, de cooperación para a integración de aqueles colectivos máis desfavorecidos.

Esta é unha cooperativa ambiciosa no sentido de que loita por superar as súas condicións comerciais pero moito máis por ampliar e colaborar no desenvolvemento de persoas en situación de exclusión social. "Estamos convencidos de que este traballo é unha experiencia

vital e emocional. Todos temos algo que aportar, porque que unha persoa teña unha discapacidade, non significa que careza de moitas outras capacidades", comenta Carles Ahumada, director de L'Oliveira.

Esta cooperativa está integrada por persoas cun perfil multidisciplinar na que os



obxectivos sociais imperan por riba de todo, cunha conciencia de que, o beneficio económico e o desenvolvemento social poden ir parellos, sen impoñerse o primeiro sobre o segundo, se non que sexa este último factor o impulsor principal da súa actividade. A media de idade da cooperativa anda sobre os 35 anos e como indica Ahumada "existe cada vez un interese maior entre a xente nova pola cooperativa, e pola labor social da mesma".

Procedementos artesanais e agarimo pola terra

En L'Olivera elabóranse viños e aceites tratando de expresar a súa orixe e a esencia do seu concepto: reflexo dunha terra e do carácter desta, do entorno,

Carles de Ahumada compartiu a experiencia de L'Olivera no Encontro Internacional.

das bondades e caprichos do tempo, e das persoas que depositan as súas forzas e ansias na súa elaboración. Produtos de calidade feitos con procedementos artesanais, tradicionais e recuperando o valor do traballo en cooperación, como antano. As ferramentas principais de traballo á hora de vendimar son as mans e a vontade de obter un produto de garantía, mimando o acio, podándoo con agarimo e orientando a vexetación. Ademais, o etiquetado tamén se procede a man, tanto nas botellas de viño como nas de aceite. ***Esta estrutura de traballo permite que as persoas con dificultades que configuran a cooperativa poidan operar ao seu ritmo ao mesmo tempo que se lles estimula a que se superen, unha das razóns de ser de L'Olivera.*** Dende a súa posta en marcha xa fai 38 anos, L'Olivera traballou en función de dous eixes: a promoción social das persoas con minusvalías psíquicas, especialmente aquelas en situacións sociais menos favorables, e a formulación de alternativas económicas produtivas a partir dos propios valores da zona.

Neste contexto existe ademais unha importante conciencia do valor da terra e do entorno, o que fai que L'Olivera opere baixo criterios de agricultura ecolóxica.

É a acción social a marca de identidade da cooperativa L'Olivera.

Acción social

Dende os seus inicios, o eixe social áchase no núcleo do proxecto e nesta vontade enmárcase a política da cooperativa, que procurando a integración laboral dos traballadores con minusvalías psíquicas, posibilita que estas persoas poidan pasar a ser socios de pleno dereito se así o desexan.

“Temos tamén un servizo de terapia ocupacional dende o ano 2000. Estableceuse un grupo de 11 persoas coas que realizamos actividades orientadas a habilidades persoais e sociais e terapia laboral (horta e mantemento do ámbito, etcétera)”, salienta Carles Ahumada. Pero a súa acción social non remata aí. Tamén conta un fogar-residencia en réxime permanente aberto todo o ano con capacidade para 17 persoas. O director da cooperativa destaca que L'Olivera é “un lugar de oportunidades”, e que é “un proxecto que sempre está en construción, no que cada día se cuida e valora a democracia do cooperativismo”.

E neste senso, tamén conta a Fundación L'Olivera, froito do esforzo dos seus socios, da consolidación do proxecto produtivo e das novas demandas sociais que foron xurdindo. A Asemblea Xeral de socios da cooperativa decidiu crear en abril do ano 2003, xunto á propia cooperativa, a Fundación L'Olivera como instrumento que garante a acción da entidade no tempo e promovese novas iniciativas para a integración social e laboral de persoas con minusvalía ou risco de exclusión social no mundo rural.

Ata o presente a Fundación colaborou na finalización das obras do fogar-residencia e na compra dunha furgoneta adaptada.

A Fundación encárgase, así mesmo, de xestionar o 0,7% da facturación da cooperativa que se dedica a proxectos sociais do terceiro e cuarto mundo cos que L'Olivera ten algún contacto directo. Os anos 2008, 2009 e 2010 este 0,7% dedicárase á construción dun pavillón da escola El Mina para discapacitados sensoriais en Nouakchott (Mauritania).

▼ L'Olivera. Santiago de Compostela 2012 DOW



Dende o seu inicio en 1974, L'Olivera impulsa a integración de colectivos desfavorecidos.



Santa María do VAL

Santa María de O Val

A cooperativa de Santa María de O Val opera na parroquia naronesa do mesmo nome dende 1973, un tempo no que canalizou a actividade económica da parroquia e desenvolveu todo unha rede de recursos e servizos no lugar. Neste empeño, crearon hai cinco anos un edificio social para favorecer o lecer das persoas maiores e mellorar a súa calidade de vida. Un proxecto no que, ademais, tratan de implicar activamente a todos os veciños

Cooperación veciñal en todo o seu esplendor

Na comarca de Ferrolterra, cuxa extensión alcanza once municipios e abarca unha poboación de 163.000 habitantes, hai unha parroquia rural de apenas 1.700 habitantes que sobresa sobre outras. E faíno porque nela existe unha entidade que é motor da actividade económica e social de toda a zona: Santa María de O Val, Sociedade Cooperativa Galega.

Esta organización naceu hai 40 anos como vehículo para facilitarlles a compra e o almacenaxe de pensos a un grupo de veciños, xa que, ata o momento, a economía desta parroquia eminentemente rural baseábase no autoconsumo da produción láctea e gandeira.

Ante o éxito da iniciativa de Santa María de O Val, Sociedade Cooperativa, e dado que os veciños presentaban pouco a pouco novas necesidades, a entidade abre unha

liña de crédito para dar cobertura de carácter financeiro aos socios.

Esta sección, que se convertería no motor da propia cooperativa, sentou as bases para o que viría despois: a ampliación da actividade cara a outros sectores, creando unha sección específica de maquinaria –para cubrir as necesidades dos socios que por si mesmos non poderían ter acceso a certas ferramentas e maquinaria agrícola- e un supermercado e agrotenda para surtir á poboación de todos aqueles produtos de consumo que puideran precisar.

Cobertura social

Pero nunha parroquia tan pequena como O Val, onde case toda a poboación ten, directa ou indirectamente, relación coa cooperativa, parece de xustiza que o papel da entidade vaia máis aló da actividade puramente económica. Satisfeitas todas as potenciais

necesidades para o bo desenvolvemento do traballo dos integrantes da cooperativa, dáse un paso máis. “Existía na parroquia certa inquietude porque nos faltaba un edificio para a terceira idade e para os cativos”, rememora José Manuel Castro Leiracha, xerente de Santa María de O Val, e, por iso, se promoveu a creación dunha entidade sen ánimo de lucro, a Fundación Terra de Trasancos.

Cubertas as necesidades dos cooperativistas, dáse un paso máis: a creación da Fundación Terra de Trasancos.

Esta serviría de xestora dun edificio social fundamentalmente orientado a cubrir as demandas de ocio das persoas maiores da parroquia, e no que tamén se realizan a diario actividades das que se beneficia toda a poboación da zona. “Pensamos que aquí, como en todas partes, hai persoas maiores que requiren dun lugar de xuntanza,



pero en O Val non había ningún para eles”, explica José Manuel Castro ao recordar a orixe deste proxecto. “Sen querelo –prosigue- os mozos andamos a un ritmo frenético e desprazamos en certo modo aos maiores, pero, grazas a este centro, poden reunirse e convivir”. “Antes, algúns só se vían en funerais; agora fano, alomenos, unha vez á semana”, chanea o presidente da cooperativa, quen tamén reconece que “algúns nos teñen dito que pecamos de bos porque a xente que vén os venres ao baile, aproveita e compra no supermercado. Pois si, é certo, pero é que tamén se trata diso: *facer un ben para a comunidade e que isto axude á propia cooperativa*”, defende Castro.

Ademais, recorda, “non se trata dunha iniciativa só para os maiores de agora. Todos imos envellecer, tamén os socios da cooperativa nos imos a beneficiar directamente do centro algún día. Por iso é importante poñer en marcha to-

dos os recursos que sexan necesarios para a xente da parroquia”.

Seguir avanzando

Unha vez consolidado este centro social para os maiores, a Fundación Terra de Trasancos dirixirá as súas forzas tamén cara aos cativos, aínda que, polo momento, non se lles pon data aos novos proxectos. “A cooperativa busca, no seu aspecto social, a participación activa de tódalas persoas da parroquia. Por agora facémolo con pequenas iniciativas de carácter interxeracional, pero aínda queremos dar un paso máis alá”, asegura o presidente de Santa María de O Val.

E nese empeño de sentar as bases para mellorar a calidade de vida dos veciños, pretenden seguir nesta cooperativa, orgullosos do conseguido ata o de agora. “A cooperativa é un ente dentro da parroquia no que todos cren”, recorda José Manuel Castro, e engade:

“A cooperativa é un ente dentro da parroquia no que todos cren”

“as persoas demandaban uns servizos e nós intentamos, na medida das nosas posibilidades, darlle resposta”. E non só iso. Arredor desta entidade, a parroquia xerou todo unha rede de servizos e recursos que, doutro xeito, dificilmente tería un núcleo de poboación destas características, e, tamén grazas a ela, freouse un pouco a despoboación e deslocalización á que se enfrontaba O Val nos anos 70, cando moitos marchaban na procura de emprego a núcleos urbanos.

A día de hoxe, a cooperativa ten 40 empregados, e outras seis persoas encárganse do traballo na Fundación, e “case o 100% deles son da parroquia”, asegura Castro.

CECOVASA

Ao outro lado do Atlántico, e máis concretamente no Perú, existe unha unión de cooperativas agrarias do café baixo o nome de CECOVASA, unha cooperativa de segundo grao que potencia a economía e o progreso social de preto de 5 mil familias. Ao preguntarlle ao seu xerente sobre o que para el significa o modelo cooperativo, destaca que “é o instrumento máis axeitado para o desenvolvemento dunha comunidade”.



Un café con arrecendo a valores



Soster unha cunca de café nunca resultou tan increíblemente satisfactorio. Saborear o tesouro dos produtores peruanos de Valle de Sandia sabendo que cada grolo supón un éxito dos valores cooperativos, que cando as papilas gustativas se deleitan, hai preto de 5 mil persoas mellorando as súas condicións de vida. Falamos do café de CECOVASA, Central de Cooperativas Agrarias Cafetaleiras dos Vales de Sandia, a organización de pequenos agricultores quechuas e aimarás, fundada en 1970 e que está formada por oito empresas de Economía social do sur do Perú, nomeadamente polas cooperativas: Charuyo, San Jorge, San Ignacio, Azata, Inambari, Tupac Amaru, San Isidro e Valle Grande.

“Esta unión de cooperativas representa a 4864 cooperativistas cuxa actividade está comprometida coa erradicación da extrema pobreza, a preservación da cul-

Esta unión, tanto polo número de integrantes como polo volume de exportación, é a segunda organización de agricultores cafetaleiros máis importante do país andino.

tura andina e a preservación ambiental. Na nosa mentalidade está producir un café de calidade en clave cooperativa, que abra as portas ao desenvolvemento da nosa comunidade”, explica Miguel Paz, asesor de xerencia xeral e comercial de CECOVASA. “A dignidade dos produtores- prosegue- xente campesiña con poucos recursos, é respectada e enalzada grazas aos principios do modelo cooperativo que, unidos baixo o selo de CECOVASA, posibilita a concentración da oferta.

◀ CECOVASA é unha cooperativa peruana agricultores quechuas e aimarás.



CECOVASA incorporouse ao Comercio Xusto en 1993.

O mellor café do mundo sabe a superación

CECOVASA é o referente das cooperativas de Perú e un paradigma de calidade pois os seus cafés son recoñecidos, non só no propio país sendo galardoado repetidamente como o mellor da súa categoría, se non tamén mundialmente. Os grans de intensa cor e profundo aroma do produtor Wilson Sucaticona, son un exemplo dese recoñecemento internacional, pois este campesiño alzouse co premio ao mellor café especial do mundo na Feira de Cafés Especiais de Estados Unidos (SCAA) entre máis de 120 participantes. “Os premios aportan visibilidade ao noso produto a nivel internacional, difundindo a nosa premisa de traballar pola calidade, pero sempre en clave cooperativa” - explica o cooperativista peruano.

Os diversos recoñecementos aos cafés desta Unión eleva a autoestima dos socios, moitos dos cales, como o propio Wilson Sucaticona, non teñen completados os estudos primarios. “Puidemos competir con nacionalidades como a alemá, que con todos os seus adiantos

tecnolóxicos e de investigación, non nos puideron vencer a nós, produtores que apenas saben ler e escribir, que teñen como capital intelectual os coñecementos sobre agricultura herdados dos seus antepasados”, comenta con orgullo Miguel Paz.

Ao integrarse dentro dunha estrutura cooperativa, os socios agricultores adquiriron maior forza como entidade, cuxa solidez se incrementou ao pasar a formar parte dunha unión deste tipo de empresas de economía social. Deste xeito aumentan as relacións de colaboración e a defensa dos intereses das cooperativas asociadas, axudándolles a poñer en valor os seus recursos, a súa terra.

En Perú, a forma cooperativa é adoptada con naturalidade porque interprétase como unha forma de comunidade próxima, familiar: “Xa na época do imperio inca, a base de organización eran as comunidades campesiñas, que se chamaban ayllus. Existe unha tradición na organización de grupo que facilita a integración formal como socio cooperativista”, aclara o asesor.



Grazas ao cooperativismo, os recursos endóxenos póñense en valor.



Miguel Paz, xerente de CECOVASA, visitou Galicia para participar nos eventos do Ano Internacional das Cooperativas.



O papel de CECOVASA resulta fundamental para que as cooperativas asociadas experimenten unha organización e estruturación de toda a súa cadea produtiva, constituíndo un vehículo de modernización, de desenvolvemento tecnolóxico e innovación. Isto tradúcese nunha regulación dos prezos que favorece a todos os cooperativistas que, de xeito individual, non poderían conseguir.

Loitando contra a pobreza

Actualmente, os integrantes de CECOVASA teñen como desafío tentar estimular o mercado interno de café. En gran parte dos países europeos o consumo per cápita de café anda sobre os 8 quilos ao ano, mentres que no propio Perú non supera o medio quilo. “Neste contexto temos como reto que os peruanos tomen máis café dos seus propios cafetais, levando como bandeira a calidade do noso produto”, reflexiona o entrevistado.

Adoptar a estrutura dunha unión de cooperativas ofrece a posibilidade de aglutinar os intereses dos produtores e

mellorar a súa posición negociadora coa competencia, adquirindo máis forza e outorgándolle o recoñecemento de institucións públicas e privadas, permitindo formular propostas de desenvolvemento cos gobernos locais.

A intercooperación entre as oito cooperativas, permite sumar fortalezas e xerar unha entidade con maior poder e influencia, gañando competitividade no contexto nacional e internacional, e exercer como un grupo de presión máis activo fronte ás Administracións.

Nun contexto como o peruano, país no que a pobreza afecta a máis de 9 millóns de persoas, a ferramenta cooperativa vólvese imprescindible para paliar situacións de exclusión social, pois crea dinámicas de redución da pobreza e de integración. “Mellorar a alimentación, a saúde, a vivenda e educación dos produtores e as súas familias é un obxectivo fundamental de CECOVASA, pois consideramos que as cooperativas son ferramentas indispensables para o desenvolvemento da nosa comunidade, como así se está demostrando”.

A actividade destas oito cooperativas non só repercute positivamente sobre a economía e as poboacións locais, se non tamén sobre o contorno natural e no mantemento da cultura e as tradicións, pois ponse en valor os propios recursos.

Existe unha preocupación ecolóxica pola terra, que se reflicte nas medidas adoptadas para a protección e conservación do Parque Nacional Bahuaja Sonene e a Reserva Tambopata-Candamo, ecosistemas que se respectan e que non se ven afectadas polos cultivos. “Contamos ademais cun programa de café orgánico, un produto verde no que están integrados case 2 mil agricultores cafetaleiros, un exemplo máis da nosa preocupación por ofrecer unha mercadoría de valor e con valores. Rompemos o paradigma de que a calidade vén da iniciativa privada, pois trátase dun café orgánico de propiedades excelentes, presente no mercado internacional nun momento no que os prezos subiron”, remarca Miguel Paz.

Xerando oportunidades

“Na nosa procura dunha mellora constante da calidade do café, e para o bo funcionamento da unión de cooperativas, CECOVASA incentiva a capacitación e formación dos socios das produtoras integrantes, e potenciamos a igualdade entre homes e mulleres”, asegura o xerente de CECOVASA. A preocupación pola integración da muller é outro punto que centra a preocupación social de CECOVASA. Tal é así que se constituíron os Comités de Desenvolvemento da Muller –CODEMU- tanto a nivel das cooperativas como da Central CECOVASA, coa finalidade de valorar e potenciar o traballo da muller cafetaleira. Como resultado destes comités, estase a producir un maior consenso cara a participación das mulleres nos cargos directivos e, polo tanto, revalorízase a presenza da muller socia nas organización asociativas.

*A incorporación de CECO-
VASA ao comercio xusto en
1993 foi un chanzo máis na
súa andaina cara un café
que se amosa como alter-
nativa vantaxosa fronte os
cultivos ilegais.*

CECOVASA é o resultado da unión de persoas que viron no café unha oportunidade para mellorar as súas condicións de vida, que estableceron a súa estratexia de mercado na produción orgánica, para un segmento de calidade, e que se serviron dos principios cooperativos para tomar o temón rumbo a un futuro digno. “Estas persoas, para poder desenvolver o seu traballo, construíron en cooperación as súas estradas, as escolas, as pontes, investindo no desenvolvemento local

sen axuda governamental”, comenta o xerente desta organización de Economía social.

Do café quechua e aimará desta Unión, viven preto de 5 mil cooperativistas, o que se traduce en case 5 mil familias que están a incrementar os seus ingresos grazas ao traballo en CECOVASA, o que supón un impulso na mellora das condicións de vida da área local de cada produtor. “Desde a existencia de CECOVASA, os campesiños aumentan os seus ingresos, o que lles permite algo marabilloso: poden enviar aos seus fillos á escola”, conclúe Miguel Paz.



Preto de 5 mil familias compoñen esta cooperativa de segundo grao.



Cogal

Con esta filosofía, un grupo de produtores de coello galegos decidiron unirse a mediados dos anos 80 na cooperativa Cogal. Pasaban momentos de apuros por unha mala planificación do sector e unha competencia coa que lles custaba loitar e pensaron que a mellor maneira de saír a flote era unindo forzas para buscar solucións favorables a todos. Non lles puido saír mellor.

Reinventarse para non quedar polo camiño

Din que a necesidade agudiza o enxeño e quizais por iso, buscando unha solución a un negocio que se facía insustible, un grupo de cunicultores galegos uníronse en 1985 para formar Cogal, Sociedade Cooperativa Galega.

Foi a principios dos anos 80 que o negocio da produción de coello viviu un auténtico “boom” en Galicia. “A diferenza doutras comunidades, a cunicultura tivo unha implantación masiva, e en tan só cinco ou seis anos situámonos entre as rexións con maior produción de coellos de España”, explica Natalio García, presidente de Cogal, quen pensa que este auxe do sector se viu favorecido “polo retorno de moitos

emigrantes, a favorable situación económica do país, e polos bos prezos da carne de coello, e inclusive da súa pel naquel momento”.

Porén, tal e como rememora este cunicultor, ao non haber experiencia, a instalación das explotacións fíxose, na maioría dos casos, baixo a orientación de técnicos de firmas comerciais. **“Eramos terreo fácil para vendernos o que lles interesaba e non sempre o máis conveniente para aquela explotación”**, critica. Isto levou aos produtores a cometer, a xuízo de García, “erros importantes”: esaxerados investimentos na construción de naves e equipamento, adquisicións de gaiolas que non eran as máis axeitadas para aquel tipo de explotación, etcétera.

Todo isto, levou a moitas granxas a facer grandes inversións para emendar estes erros nada máis comezar. “Pero a verdadeira odisea empezou cando empezamos a producir: os matadoiros

galegos só tiñan capacidade para sacrificar o 20% da produción, o 80% restante vendíase a matadoiros de Zaragoza, Valladolid, Madrid ou Andalucía, co que isto significa en custo de transporte, diminucións en peso dos animais, etcétera. Ademais, o penso adquirido a través dun distribuidor fabricábase na súa totalidade fóra da nosa rexión. En termos económicos isto traducíase nun custo de produción moi superior ao dos cunicultores doutras rexións”, explica o presidente de Cogal.

Entón, un grupo de produtores que viron que a situación non podía durar moito máis tempo —“en canto as marxes se estreitaran, iríamos á ruína”, conta Natalio García— decidiron buscar unha saída xuntos. Estudaron á competencia do resto de España e de Francia principalmente e **“vimos claro que os cunicultores galegos necesitábamos unha organización propia, cun marco ben definido, que acometese de forma integral os múltiples pro-**

blemas cos que nos atopabamos, e sobre todo aqueles relativos a xenética, alimentación, programas de manexo, sacrificio dos animais e comercialización”, indica. “Dada a nosa condición de produtores –engade García- pensamos que a cooperativa era o modelo de empresa máis operativo”.

Así foi como naceu Cogal e o experimento, tendo en conta que estamos a falar dunha das principais empresas produtoras de coellos da Península Ibérica (cada semana sacrifica 100.000 coellos e a súa facturación en 2011 ascendeu aos 43 millóns de euros), non saíu nada mal.

“Na área de produción, a cooperativa dotouse das estruturas necesarias para proporcionar ás explotacións todos os medios precisos para producir: contamos con granxa de multiplicación de reprodutoras e centro de inseminación artificial, acordos con fabricantes para a elaboración dos nosos pensos, gaiolas con deseño propio, farmacia e produtos veterinarios, etcétera. O cunicultor conta co apoio dos nosos técnicos, que lle asesoran, planifican e supervisan en todo o referente a instalacións, xenéti-



Os cunicultores contan co asesoramento de técnicos especializados.

Hoxe a cooperativa traballa coa Universidade e con outras organización en proxectos de I+D+i relacionados coa alimentación, instalacións, manexo, etcétera.

meter todo isto con éxito habemos de ter ideas claras todos os socios e moi especialmente os que teñen a responsabilidade no Consello Reitor”.

Neste senso, García non dubida en asegurar que “para os socios da cooperativa, e para a cunicultura galega en xeral, a filosofía e os métodos de traballo de Cogal foron decisivos na consolidación da cunicultura na nosa rexión”.

Pero, que vantaxes reporta o pertencer a esta cooperativa aos produtores de coellos? “Dispor na súa propia casa de todo o necesario para producir e comercializar. Todos os medios de que dispón a cooperativa, tanto materiais como humanos, están ao servizo dos seus socios (e tamén doutros cunicultores integrados, no momento actual). Dispor do asesoramento permanente do noso departamento técnico-veterinario. Ademais, Cogal produce, transforma e comercializa e, en boa lóxica, isto xera un valor engadido na produción das granxas integradas. Tamén que poden decidir de forma directa a política futura a seguir pola súa cooperativa e, se hai beneficios, o socio decide sobre o seu destino. ***E, para min o máis importante, pertencer a unha sociedade cuxo único fin é velar polo presente e futuro das explotacións asociadas”, expón Natalio García.***



Cogal é unha das principais produtoras de carne de coello da Península.

ca, programas sanitarios, de xestión...”, destaca Natalio García sobre as principais actividades de Cogal.

Froito desta aposta pola innovación, “fomos a primeira empresa en comercializar a carne de coello en atmosfera protectora, que hixieniza, protexe e alarga a vida do produto, e nos permite acudir a mercados máis afastados”, explica Natalio García. Ao seu xuízo, “os obxectivos da cooperativa, que eran dar solución aos múltiples problemas que tiñamos tanto na área da produción como da comercialización, lográronse con fartura”.

Para un sector dedicado á cría, como o seu, o presidente de Cogal cre que o cooperativismo “é a fórmula societaria máis idónea para que os produtores agrarios de forma conxunta busquen solución ás súas necesidades presentes e vaian organizándose para demandas futuras que os novos tempos permanentemente nos establecen. Para aco-



Corporación Mondragón

Corporación Mondragón defínese polas persoas que forman parte da sociedade. Elas, as que traballan, son as protagonistas, as que deciden, as que xestionan e as que obteñen a regndibilidade; son o centro de todo, o centro dun modelo de negocio solidario e de participación. E parece que este sistema de xestión, afastado dos habituais engraxes que rexen ás grandes compañías, funciona. O negocio que cinco rapaces botaron a andar en 1956 na localidade guipuscoana de Mondragón é hoxe o sétimo grupo empresarial de España e un referente no que a economía cooperativa se refire.

As novas formúlas cooperativas

A xoia da coroa do cooperativismo



Zorione Arregi foi invitada aos eventos do Encontro Internacional.



Se hai unha cooperativa na que se miran todas as demais, esa é Corporación Mondragón, un dos maiores grupos cooperativos do mundo e recoñecido exemplo de xestión empresarial. Quen lle ía dicir a José María Arizmendiarreta, sacerdote chegado a Mondragón en 1941, que, setenta anos despois, do seu proxecto de escola profesional tería derivado o primeiro grupo empresarial de Euskadi, o sétimo de España, con presenza en todo o Estado (só en Galicia conta con 4.272 empregados) e unha expansión internacional que chega ás 38 plantas industriais no exterior.

Non é que Arizmendiarreta soñara con crear unha gran estrutura empresarial, pero a súa Mondragón Eskola Politeknikoa, aberta a todos os mozos da comarca e democraticamente administrada, foi o xermolo da experiencia cooperativa en Mondragón.

Neste senso, foron alumnos daquela escola profesional os que iniciaron a andaina de Corporación Mondragón alí polo ano 1956, coa creación de Ulgor (coñecida hoxe como

Fagor Electrodomésticos). Despois virían Caja Laboral, Eroski, Arrasate, Danobat, e tódalas demais.

Pero, onde se agocha o segredo do éxito de Mondragón? Zorione Arregi, responsable da Asesoría Xurídica da Corporación teno claro: “no compromiso e na identidade cooperativa das persoas, expresado en actitudes e comportamentos coherentes cos valores e principios cooperativos a través da aplicación dun modelo de xestión propio”. Isto, en liñas xerais, tradúcese no desenvolvemento, ao longo destes anos de actividade, dunha realidade socioeconómica de carácter empresarial “creada por e para as persoas”, matiza Arregi, que se caracteriza polo compromiso ca contorna, a mellora competitiva e a satisfacción do cliente, e a creación de riqueza na sociedade, grazas ao desenvolvemento da actividade económica e á creación de emprego.

Sempre, dende a defensa dos valores que caracterizan á acción cooperativa. “Os valores son crenzas básicas que aportan unha orientación común a todas as persoas no exercicio da súa responsabilidade cotiá.”

“Os valores definen o carácter fundamental da cooperativa, crean un sentido de identidade, propician cohesión e desenvolven unha filosofía de xestión diferenciada”, defende a responsable da Asesoría Xurídica de Mondragón Corporación.

En Mondragón eses valores represéntanse en catro liñas:

- cooperación (os socios son propietarios e, á vez, protagonistas da acción e xestión do negocio)
- participación (en liña co anterior, dende a corporación aseguran que favorecer a implicación dos asociados trae como resultado un maior compromiso na xestión)
- responsabilidade social (a riqueza distribúese de forma solidaria)
- innovación (para favorecer a renovación permanente, avanzar na mellora dos produtos e modos de produción, así como para xerar novas oportunidades de negocio)

Compromiso co negocio, compromiso coa sociedade

Estes valores conxúganse, unha vez máis, na idea sobre a que xira toda a rede de Mondragón Corporación: as persoas. Elas son, di Zorione Arregi, “a única garantía do éxito do proxecto de Mondragón, o seu elemento de diferenciación”. E para que isto sexa así, explica, a cooperativa confórmase como un engraxe onde todos os compoñentes son necesarios e onde todos participan entre eles para facelo funcionar.

“Os socios da corporación actúan como copropietarios comprometidos non só coas ideas cooperativas, senón con comportamentos cooperativos que as corroboran, que exercen os seus papeis de líderes nas súas áreas de influencia e que aspiran ao seu desenvolvemento integral a través do seu crecemento persoal e profesional”

“As persoas son as principais protagonistas do modelo de xestión de Mondragón, pero non consideradas como elemento pasivo a satisfacer, senón traballando en equipo, colaborando entre si, cun sentimento colectivo de pertenza, exercendo de empresarios emprendedores”, indica Arregi.

A vulgar polos resultados empresariais de Corporación Mondragón- rematou 2011 cun volume de recursos administrados de 32.454 millóns de euros-, é evidente que este modelo no que o centro da actividade é a persoa que a promove, funciona. Pero funciona non só para os propios socios. “A través do emprego cooperativo é como se distribúe solidariamente a riqueza, cos efectos positivos que isto xera na contorna na que se sitúan e desenvolven as cooperativas”, defende Zorione Arregi, ao incidir en que neste tipo de sociedade “o beneficio non é un obxectivo en si

mesmo, senón un medio para manter e xerar emprego, preferentemente cooperativo”. Non só iso: “un modelo solidario de distribución da riqueza fai que esta se reparta de forma máis equitativa, contribuindo a xerar unha sociedade máis xusta e incidindo de forma positiva na cohesión social e na integración e, polo contrario, diminuíndo a exclusión social, a marxinación e a pobreza”, matiza a responsable da Asesoría Xurídica de Mondragón.

Facer escola para consolidar o cooperativismo

É probable, ademais, que unha das claves do éxito deste modelo sexa a aposta por inculcar a cultura cooperativa alá onde se desenvolve a actividade de Mondragón, algo que se consegue grazas á formación.

Se foi naquela Mondragón Eskola Politeknikoa do pai Arizmendiarreta onde se formaron e se contaxiaron da experiencia cooperativa os fundadores da Corporación Mondragón, non podía ser doutra forma que esta entidade apostase dende moi cedo pola creación de centros de formación profesional e que chega ao seu máximo expoñente coa creación dunha universidade propia. “Dende a propia creación do movemento cooperativo de Mondragón véñse colaborando na conformación dunha oferta educativa de calidade, e aberta á sociedade en xeral, aliñada cos valores cooperativos”, explica Zorione Arregi. Por iso, recorda, “téñense apoiado iniciativas de formación educativa que abarcan dende a formación infantil ata a formación universitaria”. O obxectivo destes proxectos é proporcionar unha base suficiente de coñecementos e capacidades que axuden a consolidar a cultura cooperativa. Do que se trata, en fin, é de entender e apoiar a educación “como vía de impulsar a transformación social da contorna”, algo que, nos tempos que corren, non está nada mal.



As Régies Cooperativas

En Portugal existe unha figura que traslada os valores e características propios do cooperativismo ás administracións públicas. Son as chamadas **Régies Cooperativas**, entidades promovidas polo Estado ou os gobernos locais para acometer as súas accións en determinadas áreas pero que gozan da suficiente autonomía como para desenvolver un modelo de xestión privada a nivel administrativo, financeiro e patrimonial. Na práctica, isto tradúcese nunha maior proximidade ao cidadán e nun aproveitamento máis eficiente dos recursos. O paradigma deste modelo é Guimarães, onde dende hai anos se desenvolven experiencias de éxito en áreas como o deporte, a cultura ou os servizos sociais.

As Régies Cooperativas: un modelo de cooperación adaptado ao Estado

Aproveitar o cooperativismo para o mellor desenvolvemento da causa pública. Ese é o obxectivo das Régies Cooperativas (Cooperativas de Interese Público), unha figura que algunhas rexións portuguesas adoptaron para facer rendibles as competencias das administracións locais.

Nun país cunha fonda tradición de aposta polo cooperativismo, como é Portugal, non podía deixarse pasar a oportunidade de valerse do funcionamento e valores propios da empresa cooperativa para o ben común do Estado.

As Régies Cooperativas, non obstante, non calcan os principios que rexen a outros tipos de cooperativas, teñen algunhas particularidades. A propia norma que regula este modelo – Decreto Lei nº 31/84m de 21 de xaneiro- establece que “un dos seus trazos característicos, o interese público, xustifica a acentuada participación do Estado ou doutras persoas colectivas de dereito público non só na formación do seu capital social, senón tamén na xestión da mesma”. Deste xeito, establécese a principal diferenza con outras cooperativas, pois pérdese, en certo sentido, o valor da equidade e a democracia, en tanto en canto a participación nos órganos sociais establécese segundo o peso no capital subscrito, a asignación dun número de votos proporcional a ese capital e a posibilidade, por parte da administración pública, de designar



TEMPO LIVRE
EJIMARÁCS

ou substituír aos seus representantes, independentemente do que se acorde na asemblea xeral.

Pola contra, *estes organismos aportan máis eficiencia ás administracións públicas, xa que, sen perder de vista o interese xeral, resultan máis competentes á hora de actuar e gañan en rendibilidade dos servizos que xestionan*. Isto é así, entre outras cousas, porque as cooperativas teñen máis liberdade de movementos e actuacións que os propios gobernos locais, moi condicionados por esixencias legais e dependencias funcionais e burocráticas que obstaculizan a optimización dos recursos. Unha situación que levou a que boa parte dos concellos portugueses buscaran solución para a descentralización dalgúns competencias, mediante a promoción de empresas municipais, cooperativas ou fundacións, é dicir, entidades con autonomía propia a nivel administrativo, financeiro e patrimonial, pero nas cales a corporación local ten capacidade de influencia.

Guimaraes, cidade das Régies

Se hai un exemplo claro das posibilidades que plantexa o modelo de cooperativas de interese público, ese é Guimaraes. Alí, existen na actualidade cinco Régies Cooperativas, que actúan na áreas de deporte, lecer, cultura, termalismo e acción social,

A entidade encárgase, dende entón, da xestión das diversas instalacións deportivas situadas no municipio e, ao mesmo tempo, traballa no fomento e incentivo da práctica deportiva na cidade, favorecendo o acceso ao deporte non competitivo a partires da posta en marcha de proxectos vinculados á animación socio-deportiva e de ocupación do tempo libre.

empregando a máis de 300 persoas e xestionando orzamentos superiores aos 12 millóns de euros.

“Son empresas enraizadas no tecido social local, que prestan un servizo de calidade e de proximidade para as persoas, con recoñecida notoriedade e que traen eficacia e eficiencia acreditadas ao esixente traballo de xestión pública. A súa xestión baséase na simplificación de procesos e procedementos, na optimización e especialización dos seus recursos humanos, na redución de custos e na prestación de servizos de calidade continuos, ofrecendo respostas inmediatas e eficaces aos problemas dos nosos veciños”, resume Amadeu Portilha, concelleiro da Cámara Municipal de Guimaraes.

Ao mesmo tempo, Portilha opina que “hoxe, a tradicional relación impersoal e distante entre o goberno autónomo e o cidadán transformouse nunha relación máis próxima e esixente entre empresa e cliente/usuario; e o éxito desa relación só pode ser alcanzado se os municipios demostran capacidade para se adaptar a esa realidade, en cambio constante e cun nivel de esixencia crecente”. Neste senso, este experto valora a oportunidade que supón para o cidadán a existencia dunha entidade designada só para un ámbito moi concreto: *“A súa especificidade, actuando en segmentos moi particulares da intervención municipal, permítilles ás Régies unha relación “face to face” co usuario, dando respostas áxiles ás súas reclamacións e suxestións”*. *“Por outro lado, o seu alto grao de especialización nas áreas da súa intervención, permítenlles ser máis innovadoras e progresistas na súa forma de actuar”*, engade. Tendo en conta esta realidade, o lexislador atribuíu ás Régies Cooperativas un réxime de excepcionalidade que abre novos e amplos campos de actuación ao sector cooperativo, aproveitando potencialidades aínda sen explorar.

Régie Cooperativa Tempo Livre: Un caso de éxito

Portilha coñece moi ben o mundo das Régies Cooperativas porque preside a xestión dunha delas: a Régie Cooperativa Tempo Libre, creada en 1999 polo Concello de Guimaraes.

Ao seu xuízo, o maior logro da cooperativa en todo este tempo é que conseguiu “ter a capacidade de xestionar con gran éxito un conxunto de magníficas instalacións e equipamentos deportivos que o Concello colocou nas súas mans, e transformounas en polos de dinamización e fomento da práctica deportiva, en escenario de grandes eventos e nun activo de notoriedade para a nosa cidade”. “Hoxe, grazas a todo ese traballo e á notoriedade nacional e internacional do proxecto, a Tempo Libre é vista como unha entidade de referencia no ámbito do deporte e da xestión deportiva”, conclúe Portilha.



COOMPANION

Ao falar do cooperativismo, non nos referimos a un concepto abstracto de vantaxes intanxibles, se non a un modelo económico e social con aplicación na realidade, nunha realidade que se torna máis xusta e democrática ao constatar os beneficios deste tipo de Economía social. Malia isto, aínda persiste un gran descoñecemento sobre as cooperativas, freando o impulso da súa expansión. Para servir de compás aos emprendedores e orientalos no camiño deste tipo de Economía social, existe unha compañía europea e, máis concretamente, sueca, que se erixe nun paradigma do cooperativismo. Trátase de Coompanion e unha dos seus membros, Agneta Sörman, explica de que xeito este proxecto está a difundir e promover o cooperativismo sueco.

Na promoción do cooperativismo

Agneta Sörman

Integrante da sueca COOMPANION

"As cooperativas son entes competitivos, resultado da suma de valores e competencias de varias persoas e, cando estas mesmas empresas intercooperan, contribuíndo as súas diferentes experiencias, redes e coñecementos, o resultado é unha apertura do seu mercado"

todo a información, asesoramento e formación, en base ás súas necesidades para levalas á consecución da idea do seu proxecto cooperativo.

O traballo de Coompanion é unha carreira de fondo que ten como meta orientar a aqueles emprendedores que loitan pola consecución dunha cooperativa de éxito.

Cal é a principal actividade que desempeña Coompanion en Suecia, e por que está vinculada ás cooperativas?

Por que decidiron facer esta aposta polo modelo cooperativo?

En Coompanion temos como principal obxectivo proporcionar a aquelas persoas que queiran crear unha empresa

Unha cooperativa significa que nunha mesma entidade hai varias persoas contribuíndo con diferentes coñecementos, experiencias e esforzos, e ao mesmo esas mesmas persoas comparten res-

ponsabilidades, dificultades e logros na súa empresa. É unha forma de entidade económica que permite unha organización plana e unha visión democrática da xestión da empresa. Todas estas calidades impulsáronnos a querer difundir e colaborar cos valores cooperativos.

Coompanion contribúe a difundir a idea de que as cooperativas axudan a facer un mundo mellor identificando os bos exemplos de cooperativas eficientes e comprometidas e facendo estes casos visibles.

De que xeito vostedes en Coompanion favorecen o incremento do movemento cooperativista? Cales son pois as medidas que adoptan para tal fin?

Todo o equipo de Coompanion asistimos ao antes, durante e despois da posta en marcha dunha cooperativa. Na xerminación da idea, na súa discusión, na planificación da organización da cooperativa, etcétera, en todos os pasos, Coompanion está aí para colaborar e encamiñar o proxecto. Co fin de asegurar a calidade do noso asesoramento, tamén contamos ca colaboración dun avogado experto nesta materia, para que non queden cabos soltos e poidamos ofrecer un servizo con seguridade.

Por outro lado, atopamos e empregamos os que consideramos bos embaixadores da cooperación que difunden a idea desta Economía social en todos os sectores, tanto no público como no privado.

Coompanion promove o cooperativismo especialmente entre os mozos e mozas. Teñen as cooperativas máis acollida neste sector da poboación?

En Coompanion vemos que as cooperativas son un modelo de empresa que se adecúa aos empresarios máis novos, xa que, con frecuencia, teñen intereses comúns e lles é máis doado e factible

comezar unha empresa xuntos que por separado.

As cooperativas son entes competitivos, resultado da suma de valores e competencias de varias persoas e, cando estas mesmas empresas de Economía social, se relacionan e intercooperan, contribuíndo cas súas diferentes experiencias, redes e coñecementos, o resultado é o desenvolvemento das súas capacidades e unha apertura do seu mercado.

Varias empresas operando baixo o modelo cooperativo, acadan maiores beneficios, xa que comparten os custos do desenvolvemento do produto, desenvolven as súas competencias, fomentan a comercialización común e comparten instalacións. E isto é fundamental para os novos emprendedores.

Cal é a situación do cooperativismo no contexto actual de crise económica?

Durante a nosa traxectoria, vimos que hai unha tendencia do incremento das iniciativas cooperativas nos momentos de depresión.

Isto é debido a que o xurdimento dunha crise económica tradúcese nunha perda dos servizos básicos na sociedade, polo que a xente procura alternativas. Per-



A Economía social procura un beneficio social.

soas e empresas se reúnen para tratar de dar saída a esta situación, chegando a consecución e configuración dunha cooperativa.

Así ocorre en Suecia, na que o cooperativismo está a acadar cada vez maior presenza.

Un exemplo de que as cooperativas son unha fiestra ao desenvolvemento social en momentos de crise é que gran parte dos centros de preescolar suecos son cooperativas xestionadas por pais e profesores. Ademais hai unha tendencia progresiva da posta en marcha das escolas de modo cooperativo, así como unha maior presenza de tendas locais e estacións de servizo en réxime cooperativo en moitas zonas rurais.

Cal é o maior atranco co que se enfrontan as cooperativas hoxe en día?

Desafortunadamente aínda existe un concepto das cooperativas como se non fosen “empresas reais”, o que evidencia a necesidade de favorecer o coñecemento sobre as cooperativas como unha forma de compañías eficaces e prósperas. As cooperativas teñen o desafío de conseguir satisfacer as necesidades dos seus membros ao mesmo tempo que se manteñen competitivas, algo totalmente posible e moi necesario nestes momentos, xa que responden as demandas sociais actuais.

Cal considera que é o mellor logro de Coompanion?

Estamos orgullosos de poder dicir que o maior logro co que conta o equipo de Coompanion é facilitarlles ao mozos e mozas emprendedores a asesoría necesaria para emprender o camiño cooperativo e que facilitarlles o encontro con outros emprendedores. Así iniciarán xuntos un negocio en forma de cooperativa, aplicando os valores e principios da cooperación.

Que concepto asocia vostede ao de cooperativa?

Progreso.



SSI S. Coop

Da necesidade de dar saída laboral ás máis de 225 mulleres que na economía somerxi-da prestaban o Servizo de Axuda a Domicilio no concello de Bilbao, xorde a creación do Grupo Servizos Sociais Integrados. Ao mesmo tempo que facilitou o autoemprego, esta cooperativa permite unha atención personalizada a casos de dependencia e risco de exclusión social. Todo un labor social que serve de catalizador na mellora da calidade de vida das socias traballadoras e de quen elas coidan, así como posibilita que certos sectores sociais marxinados poidan acceder a servizos



Un paso adiante nos servizos sociais



Servicios Sociales Integrados
GRUPO

O Grupo Servizos Sociais Integrados S. Coop. é unha cooperativa que integra empresas de iniciativa social e de utilidade pública, composta por profesionais para dar resposta de forma integral ás necesidades sociais de persoas con vulnerabilidade social e dependencia en Euskadi.

A andaina polo camiño da regularización desta situación chegou no ano 87 cando trinta e cinco mulleres daquel grupo, decidiron embarcarse no proxecto do Grupo Servizos Sociais Integrados S. Coop. "Todas as traballadoras son socias, nunha clara aposta polo desenvolvemento do emprego local", comenta Karmele Acedo, xerente da cooperativa.

A incorporación a esta cooperativa deste grupo de mulleres que se atopaban en situacións de irregularidade laboral e desemprego, supuxo que

elas tomasen conciencia da súa valía, adquirindo autoestima, véndose axentes catalizadores do benestar social, implicándose activamente nuns obxectivos.

O feito de constituírse como cooperativa supuxo unha maior implicación dos membros e polo tanto, unha maior calidade no servizo, pois os compoñentes de SSI, S.Coop. amósanse satisfeitos de pertencer a esta empresa de Economía social cuxa actividade lles permite un enriquecemento persoal e un desenvolvemento formativo. "A orixe desta entidade residiu en dar resposta a unha situación de precariedade a través dunha solución cooperativa: unir mulleres que estaban en graves situacións económicas e laborais con persoas maiores e dependentes", explica Acedo deste grupo.

"A dependencia crece e a poboación está cada vez máis envellecida, cun modelo familiar que non soporta o coidado, entón a demanda da nosa actividade vai crescendo, pero nunca perdemos o noso rumbo cooperativo, a nosa in-

tención de colaborar no benestar e na cohesión social", afirma a xerente. Esta cooperativa, formada integramente por mulleres, conta cun equipo integrado por 320 traballadoras que prestan os seus servizos a máis de 1.500 persoas. Este dato constata a expansión do Grupo Servizos Sociais Integrados S. Coop. desde a súa creación e a súa política de promoción da muller.

O grupo bilbaíno aposta por unha atención totalmente personalizada, na que prevalece un enfoque preventivo. Deste xeito en SSI, S Cop. lévanse a cabo servizos e atencións que contribúen a retrasar os internamentos en institucións dos dependentes, na intención de colaborar para que se poida dar a maior autonomía posible a estes enfermos e as súas familias.

O coidador e o enfermo, máis aló do vínculo profesional

O vínculo que se establece entre coidadora e enfermo faise moi especial, pois hai que ter en conta que son numerosas

as ocasións nas que os enfermos non poden saír da casa e, grazas a este servizo, teñen a posibilidade de gozar de algo tan necesario como o é a conversa.

A actividade que realizan supón un exercicio de cohesión que responde aos valores de responsabilidade e de desenvolvemento que imperan neste tipo de Economía social. Así, toman como propia a definición que do SAD se realiza no Prego de Condiciones Técnico Económicas: “O Servizo de Asistencia a Domicilio trata o problema que formula a existencia de persoas anciás ou incapacitadas que ven na imposibilidade de desenvolverse plenamente por si mesmas no seu medio habitual”.

Neste contexto os obxectivos que se marca esta cooperativa céntranse en conseguir un adecuado marco de convivencia familiar e social e unha relación positiva co entorno. Deste xeito, as auxiliares establecen un compromiso co enfermo para intentar mellorar a autonomía persoal deste. Así o matiza Karmele Acedo ao comentar: “A proximidade co ancián é unha preocupación desta cooperativa, pois estamos concienciados na mellora do noso entorno, tanto para nosoutros como para quen traballamos, e o feito de configurarnos neste tipo de empresa social supuxo un estilo de organización que se adaptaba a estas premisas, un movemento que fai partícipe dos resultados ao máis necesitados”.

Esta filosofía leva ás auxiliares a ter un trato especial cos enfermos, xurdindo en numerosas ocasións un vínculo de amizade, de agarimo e de confianza. Neste contexto, SSI S.Coop. ofrece servizos de acompañamento que suplen a presenza dun familiar ou achegado, cumpríndose dous obxectivos: por un lado, paliar a soidade naqueles casos de persoas que viven soas; polo outro, trátase de facilitarlles acompañamento para certas actividades, tales como pasear ou realizar recados domésticos. A maioría dos dependentes toman estes servizos con gran entusiasmo e con naturalidade, pois ofrécenlles a posibilidade de realizar tarefas que non poderían acometer sen axuda, e ademais e o máis importante, fanlle esquecer a súa soidade.

Ademais do servizo de acompañamento, esta cooperativa ofrece moitos outros enmarcados nunha carteira de servizos, na súa intención de ofertar un Servizo de Axuda a Domicilio, un concepto que vai moito máis alá que a única atención a domicilio. Enmarcado neste propósito, existe un enfoque cada vez máis preventivo e de rehabilitación para garantir ás persoas usuarias un continuo de atención.

No exercicio das súas actividades SSI S. Coop dálle prioridade a aquelas persoas e colectivos que se atopan en situación de desvantaxe social, o que fai patente o valor de solidariedade dunha cooperativa, pois o cooperativista sempre está disposto a dar apoio a outras persoas, nunca é indiferente á inxustiza nin ao atropelo da dignidade humana.

O trato próximo ás persoas con vulnerabilidade social e dependencia, ofrecéndolles apoio e facilitando os soportes necesarios para que poidan continuar vivindo nos seus fogares son as estrelas guías desta cooperativa, que traballa a prol dun sistema social máis xusto, fomentando a participación dos usuarios e as súas familias e, ao mesmo, estimulando o benestar social.

Servizos Sociais Integrados é un grupo que facilita o acceso a servizos a aqueles aos que lles é máis difícil, e para isto, estímúlase o desenvolvemento persoal e profesional das súas traballadoras. “Nos seus 29 anos de existencia, a nosa cooperativa chegou a converterse nun modelo de referencia para outras empresas de iniciativa social, xa non só en Euskadi, se non tamén no resto do Estado, o que nos enche de orgullo e nos alenta a seguir mellorando e crecendo, tanto por nós, como polos nosos usuarios dignos de todo o noso respecto e de todo o noso esforzo”, nas palabras da xerente da cooperativa transmítese a súa gran convicción polo modelo do que é partícipe.

O coidado do coidador

A presión á que moitos coidadores se ven sometidos no entorno familiar e o cansazo emocional, é unha situación da que as socias de SSI, S.Coop.

son totalmente conscientes. Por iso, dende a cooperativa existen tamén programas de mellora cara este sector.

“As socias ofrecemos plans de axuda ao coidador, cunha gran implantación en Biscaia, nos que impartimos non só formación, se non tamén apoio psicosocial aos responsables da atención de persoas maiores, consellos, adquisición de competencias, etcétera”, engade a xerente. Deste xeito a cooperativa facilita recursos ás familias con membros dependentes para facer fronte a estas complicadas situacións.

Cooperativa, sinónimo de solidariedade

Nesta cooperativa, as súas socias-traballadoras mostran unha gran implicación ca entidade, son e séntense parte de Servizos Sociais Integrados, todas e cada unha delas forman este ente de Economía social de Biscaia.

Tal é o compromiso destas mulleres polos valores cooperativos, en especial polo da solidariedade, que, malia difícil situación de económica, mantivéronse todas as socias e os seus postos de traballo, conseguíndoo grazas a redución voluntaria das súas horas de xornada laboral. Un esforzo que supón a permanencia do equipo completo, e o fortalecemento das súas conviccións cooperativas.

“O gran logro da nosa cooperativa é a participación, todo o equipo está implicado cos obxectivos da organización”, destaca Acedo orgullosa das súas compañeiras e da súa labor con gran incidencia social, mellorando a calidade de vida das socias e das familias coas que colaboran, e incide en que “detrás de todo os casos, tanto de socias como de dependentes, hai unha persoa, un nome e apelido ca súa historia, que precisan e merecen apoio, e unha cooperativa é a mellor maneira de dar resposta a esta situación. Porque somos un grupo de persoas que traballamos para persoas”.



Servimayor

Servimayor é unha iniciativa pioneira en todo o Estado, un complexo residencial para maiores que adoptou a forma de cooperativa de consumidores e usuarios e que está integrada por 150 socios. Son numerosas as ocasións nas que esta sociedade trata aos nosos maiores como cidadáns de segunda categoría, sen valorar as súas preferencias en canto a como queren vivir a súa vellez. É aquí onde Servimayor se mostra como alternativa, coa forza dos valores cooperativos.

Á vellez, cooperación



“Non quero ser un avó maleta”, así é como Martín Carvajal, socio da cooperativa Servimayor, responde á primeira pregunta do porqué a súa integración nunha residencia cooperativa, “é moi duro chegar á vellos e ver como un mesmo se converte nunha especie de estorbo, nunha carga. Pulular da vivenda dun fillo a doutro e desarraigarse da terra non é, precisamente, un soño de xubilación”.

Nesta sociedade na que o devir das agullas do reloxo sufocan ás novas xeracións, na que o tempo que se lle dedica á familia é limitado, a presenza dunha persoa dependente no fogar supón unha gran carga emocional e económica.

Servimayor eríxese en alternativa para aquelas persoas que queren asegurar o seu futuro, que non queren deixar a decisión de como vivir a súa vellez a outros.

Servimayor é unha iniciativa pioneira, un complexo residencial para maiores que, composta por 150 socios, adoptou a forma de cooperativa de consumidores e usuarios.

A existencia dunha residencia cooperativa supón a posta en alza da capacidade de decisión dos socios, tanto dos que xa son xubilados coma daqueles que, aínda que máis novos, pensan xa nun futuro non tan afastado.

Martín Carvajal aclara que se elixiu a forma de cooperativa para o proxecto porque deste xeito os que habitan o complexo son os donos, fronte as outras dúas alternativas: as residencias públicas e as privadas. Así, de xeito conxunto, son os socios os que deciden a xestión da residencia cooperativa, sen deixar que outros valoren as necesidades dos residentes, se non que son eles mesmos, os habitantes, os que deciden o funcionamento do complexo. “En Servimayor os socios decidimos a nosa vida, non a deciden por nós”, o ton contundente do cooperativista transmite a súa afianzada confianza no modelo elixido par vivir a súa vellez.

Trátase dunha realidade que se desmarca do concepto tradicional de residencia

xeriátrica para ofrecer aos usuarios un ámbito máis acolledor, no que poder gozar de espazos comúns pero á súa vez cunha intimidade garantida. “Os obxectivos deste proxecto son envellecemento no ámbito onde viviches, preto dos teus, coa intimidade que elixas e coa comodidade que cada un necesite”, amplía Martín Carvajal.

Como empezou todo

O complexo residencial situado na Serra de Gredos, no municipio de Losar de la Vera na provincia de Cáceres, xorde no ano 2005, como idea de dous homes de 73 anos, Aurelio Martín e Santiago Canellas, que non querían depender dos seus fillos nin saír do lugar que consideraban o seu fogar.

Valorando como enfocar a súa velez, e os cuidados que ían recibir nesa etapa da vida, atoparon a súa solución, apostando por unha idea innovadora: facer a súa propia residencia, en réxime cooperativo.

A partir de entón comezaron un periplo que primeiro os levaría a buscar axuda de xente experta para poñer en marcha cada parte do proxecto: legal, económica, construtiva, de relación e presentación co ámbito. Un ano despois, xa integraban Servimayor 150 socios.

O complexo residencial

Cunha inversión inicial de vinte cinco mil por parte de cada un deles, alzouse no ano 2010 un complexo residencial cun terreo de 30.770 m², sen barreiras arquitectónicas e cun deseño que respecta a intimidade de todos os seus membros.

A diferenza principal cunha residencia habitual, é que cada persoa ou parella dispón dunha pequena casa particular, contando o complexo cun total de cincuenta destes apartamentos. Ademais o complexo dispón de sala de proxeccións e reunións, comedor, cafetaría, ximnasio, biblioteca, sala de terapia ocupacional, xardín común e xardíns privados, horto, etcétera. Máis outros servizos adicionais. Todo, incluído o horto, está

adaptado para o acceso e participación de persoas en cadeiras de rodas ou outros problemas de mobilidade.

Un servizo que respecta o ámbito privado

Así se materializou esta idea admirable, proxecto único e pioneiro que conta con todos os servizos de asistencia e unhas instalacións inmejorables. “Ao configurarnos como cooperativa, somos os socios os que, conxuntamente, xestionamos e controlamos o equipo de auxiliares empregado en Servimayor, algo que se vivés cos teus fillos ou nunha residencia ao uso non podes decidir, sendo atendidos por terceiras persoas sen outro control que a boa vontade ou non destas persoas” engade o membro desta cooperativa de consumidores e usuarios.

A idea fundamental de Servimayor é poder dar un servizo de asistencia ás persoas maiores pero sen facelas perder a súa intimidade. “Nunha residencia ao uso, os traballadores non coidan ao seu xefe, e isto si ocorre no caso de Servimayor. Temos asegurada unha asistencia personalizada e eficiente”, explica o cooperativista.

Outro valor engadido desta cooperativa de consumidores e usuarios é que a praza é hereditaria, a diferenza doutros tipos de residencias. “ Este patrimonio

pode ser herdado, co cal é unha inversión rendible non só para un, se non tamén para as xeracións vindeiras, é un ben que deixas aos teus fillos”, amplía o socio de Servimayor.

Os obxectivos principais desta cooperativa céntrase en facilitar o benestar aos residentes, contribuíndo a un envellecemento no ámbito onde viviron os socios, en convivencia con coñecidos. “ Estas son as metas en tanto a capacidade física e cognitiva nos acompañe, cando estas aptitudes biolóxicas nos deixen, esperamos ter a proximidade dos que nos coñecen e a axuda de todo o ámbito profesional que compón a cooperativa”, comenta Martín Carvajal. Existen prazas aínda non ocupadas polos socios, xa que as idades dos mesmos van dende os 25 aos 75, garantindo así o relevo xeracional das mesmas. Resérvanse un 6% das prazas para casos de urxencias e as demais ofértanse ao mercado como se se tratara dun complexo residencial privado.

A seguridade que lle ofrece o modelo cooperativo supón un gran sosego para todos os cooperativistas, así o expresa Martín Carvajal ao concluír “En definitiva, en tranquilo e o que teña que pasar que pase”.



Martín Carvajal, socio de Servimayor, foi un dos participantes do Encontro Internacional Cooperativo.

O Grupo Coren



O grupo cooperativo ourensán Coren eríxese nunha das empresas avícolas e gandeiras máis importantes no só no contexto galego, se non tamén no nacional. Unha das claves do seu éxito radica na súa preocupación pola innovación constante. Tanto é así que o I+D+i é inherente á Coren dende os seus comezos e hoxe en día confórmase como un dos piares desta cooperativa de segundo grao. O seu director xeral, Manuel Gómez Franqueira, aclara nesta entrevista como se acada a excelencia empresarial no senso do desenvolvemento nun grupo de cooperativas.

Como xurde a iniciativa de Coren e como valora, en termos xerais, estes anos de actividade?

Nos anos 50 prodúcese a expansión mundial da avicultura de carne xurdida en EUA e que chega a España. Nese momento, ano 1959, D. Eulogio Gómez Franqueira presidía Uteco, e entendeu que era unha oportunidade para mellorar a vida agrogalega, tan necesitada pola pobreza e abandono.

As cooperativas da man da modernización

*Manuel Gómez Franqueira
Director xeral do grupo Coren*

"Nos tempos actuais xestionar un conglomerado de máis de 7.000 familias e nun sector competitivo é complexo, pero as persoas, a dedicación, os coñecementos, o bo facer e a unidade sempre nos axudan a alcanzar os nosos obxectivos"

Para iso, xunto a 20 cooperativistas, iniciou a andaina do que hoxe é Coren a través dun acordo coa compañía SWIF que achegaba tecnoloxía e o now how. No ano 65 unha vez finalizado o contrato, Coren segue o camiño iniciado cos americanos.

A realidade é que aquelas 20 familias se converteron en 7.000 a través dun modelo de integración do cooperativismo na industria e na comercialización.

Un dos principios cos que se presenta Coren é a súa continua aposta pola innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Cales son os principais proxectos que teñen en marcha neste ámbito?

Foi sempre para Coren prioridade a preocupación medioambiental e benestar animal, tal é así que estamos finalizando o desenvolvemento da normativa sobre benestar animal ditado pola

Comunidade Económica Europea e que a bo seguro en 2013 seremos os primeiros gandeiros en España en ter as nosas explotacións con todas estas esixencias.

Como exemplo de proxecto innovador sinalamos o porco alimentado con castañas coa marca Selecta que está a ter moi boa acollida no mercado e a perspectiva é que pode competir co ibérico tanto a nivel nacional como internacional.

Como é o proceso de I+D+i en Coren? É dicir, que departamentos se encargan destas áreas e como repercute o seu traballo nos 2.500 socios de la compañía?

O proceso de integración de Coren dende a produción ata o mercado coa nutrición animal, coas industrias require que o noso Departamento de I+D+i atenda todas estas áreas. Así dispoñemos de Centros de Investigación de I+D+i así como explotacións gandeiras e plantas pilotos para investigación no manexo, na alimentación, no desenvolvemento de novos produtos, etcétera.

Contamos coa inestimable colaboración de organismos do sector e investigación tanto nacionais como internacionais (INRA, Land Boubelang, etcétera).

En relación co anterior, que vantaxes ofrece aos seus asociados a aposta de Coren pola innovación e que non terían, ao seu xuízo, de non pertencer a esta cooperativa?

Individualmente sería imposible facer fronte a situacións conxunturais que dá a economía de escala. Un exemplo moi de actualidade é o prezo das materias primas que individualmente non se podería afrontar polos créditos necesarios para sufragalos, e colectivamente minórase esta gravidade.

Os proxectos de modernización e innovación, ocúpense en maior medida dalgunha área en particular ou son aproveitados por igual nas distintas ramas de actividade que desenvolven?

Cada departamento, cada sección ou área da Cooperativa ten as súas inquietudes ou necesidades. Por exemplo, a área comercial demanda de novos pro-

ductos adaptados ás necesidades dos nosos consumidores, aos novos parámetros nutritivos... Isto significa unha mellora continua e permanente entre os distintos elementos da Cooperativa.

Resulta complicado xestionar unha cooperativa de segundo grao da envergadura de Coren para lograr unha plena integración e coordinación entre cooperativas?

Evidentemente en tempos actuais xestionar este conglomerado de máis de 7.000 familias e nun sector competitivo é complexo, pero as persoas, a dedicación, os coñecementos, o bo facer e a unidade sempre nos axudan a alcanzar os nosos obxectivos.

"Baixo o signo da unidade todos os membros de Coren teñen o obxectivo común de desenvolver o noso proxecto, un proxecto asentado no medio rural galego cuxos obxectivos é buscar un maior valor engadido no traballo e produtos que xera a Cooperativa."

O benestar animal é unha das preocupacións do grupo Coren.







A declaración do Consello Galego de Cooperativas

Nunha acción máis que evidencia o apoio que o Consello Galego de Cooperativas brindou ao 2012 Ano Internacional das Cooperativas, e como ente que involucra e alenta á sociedade a coñecer e participar no mundo cooperativo, este órgano fixo unha declaración institucional na que secundou esta celebración e na que se comprometía a programar diversas actividades relacionadas, moitas das cales seguen en vigor no actual 2013.

Dita Declaración, publicada o 1 de xuño do 2012, versa da seguinte maneira:

“A ONU proclamou o ano 2012 como Ano Internacional das Cooperativas, destacando a súa importante contribución á construción dun mundo mellor e alentando aos estados membros e a todas as persoas e entidades interesadas, a promover as cooperativas e aumentar a conciencia sobre a súa contribución ao desenvolvemento económico e social.

O Consello Galego de Cooperativas súmase a este Ano Internacional das Cooperativas e declara a importancia e carácter nuclear que ten o cooperativismo, como elemento de creación de riqueza e benestar social en Galicia e, particularmente, a súa contribución a un desenvolvemento equilibrado e harmónico dos distintos territorios e das súas xentes.

As achegas que realiza o cooperativismo galego cómpre significarse tanto no aspecto cuantitativo, no que destacan os 88.000 socios agrupados ao redor de 1.136 entidades, como no aspecto cualitativo, polas súas achegas ao desenvolvemento de distintos sectores económicos, pola súa aposta polo emprego de calidade, e pola súa vocación social.

Non obstante, aínda queda moito potencial por desenvolver. Sendo importante a labor de divulgación e fomento do cooperativismo, ten marxe de actuación e mellora. E nese obxectivo cómpre implicar a todos os actores sociais, para que teñan en conta as oportunidades que ofrece o emprendemento cooperativo e, particularmente, o autoemprego como saída laboral e profesional.

Este Consello, como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo en Galicia, renova a súa aposta por achegar os valores e potencialidades do cooperativismo a toda Galicia e, de xeito especial, a todos os niveis de ensino, co obxecto de dinamizar os mellores recursos cos que contamos: ás persoas, e poñer en valor as súas capacidades, para un aproveitamento integral e sustentable dos recursos existentes.

Para facer realidade esta aposta, o Consello e a Xunta de Galicia, xun-

to coas asociacións representativas do cooperativismo, e outras institucións públicas e privadas, impulsan a posta en marcha de proxectos e a realización de actividades dirixidas ao fomento desta fórmula empresarial.

Invitamos a todas as persoas e institucións públicas e privadas a sumarse a celebración deste ano internacional, participando nos eventos previstos e asinando o manifesto galego a prol do cooperativismo. Animámoslos, igualmente, a que contribúan á divulgación do cooperativismo, confiando en que, deste xeito, estarán colaborando a construír un mundo mellor.”





A declaración da Xunta de Galicia

Baixo o lema “as empresas cooperativas axudan a construír un mundo mellor”, a asemblea xeral das Nacións Unidas proclamou o 2012 como o Ano Internacional das Cooperativas, destacando a contribución das cooperativas ao desenvolvemento económico e social, especialmente o seu impacto na redución da pobreza, na creación de empregos e na integración social.

A realidade do cooperativismo en Galicia é certamente destacable, cunha presenza significativa en distintas actividades. Realiza unha importante contribución á estruturación e desenvolvemento da actividade económica en sectores primarios, e ten un pulo crecente nos restantes, particularmente nos servizos.

A súa distribución territorial, nos ámbitos rural e urbano, interior e costeiro, mostra a súa capacidade para xerar un desenvolvemento equilibrado. O seu dinamismo, a súa capacidade de integración e a súa vocación social, achegan benestar a gran número de galegos e galegas.

Compre salientar a súa contribución á creación e mantemento de emprego estable e de calidade, así como a súa capacidade de resistencia fronte a crise, aunando obxectivos empresariais e sociais. O seu comportamento anticíclico é unha característica que destaca

especialmente nestes momentos de dificultades, dado que as cooperativas están aí nos bos e nos malos momentos, a carón das persoas socias, e procurando a satisfacción das súas necesidades e aspiracións.

A Xunta de Galicia recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das cooperativas, está comprometida coa creación dunha maior conciencia pública sobre a súa realidade e potencialidade para o logro de obxectivos económicos e sociais, e fomenta a súa constitución e consolidación, en colaboración co propio sector e coas entidades e persoas interesadas nesta fórmula de economía social.

Con esta premisa e dentro das liñas de acción da Consellería de Traballo e Benestar, creouse a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social. Con ela procúrase o fomento do espírito emprendedor no ámbito local, prestando apoio directo á creación e consolidación de emprego.

Esta Rede terá un papel de primeira orde no apoio ao desenvolvemento local de base cooperativa, achegando desde a proximidade da presenza no territorio os seus medios técnicos e humanos aos lugares onde máis se precisan. Os seus obxectivos pasan por promover este modelo empre-

serial en todo o territorio de Galicia, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo e o acompañamento de proxectos cooperativos.

O goberno galego quere mostrar o seu apoio á declaración da O.N.U. e á celebración do Ano Internacional das Cooperativas, promovendo a realización de actividades para a posta en valor desta fórmula empresarial. De igual modo, alenta a todas as persoas interesadas para que se sumen a labor de divulgación e recomenda, especialmente, a toma en consideración por parte de institucións e cidadáns en xeral dos valores e potencialidades das cooperativas para o emprendemento e a creación de emprego.



A rede eusumo: un paso adiante no cooperativismo galego



eusumo

▲ O distintivo da Rede Eusumo representa a suma de esforzos mediante a unión de cores.

Tendo en conta a capacidade de acadar un desenvolvemento económico paralelo a un benestar social que presenta a fórmula cooperativa, a Consellería de Traballo e Benestar impulsa o proceso de fomento e coñecemento das vantaxes deste tipo de economía social á poboación.

Para conseguir que tanto os cooperativistas, como os emprendedores, desempregados e cidadáns en xeral poidan acceder a servizos de apoio e dinamización e, deste xeito, comprender as posibilidades que ofrece o cooperativismo, xurde a creación da rede colaborativa **Eusumo**.



danlle forma ao empeño compartido de promover a economía social, mediante o Decreto polo que se crea e se regula a Rede Eusumo. O Decreto 225/2012, do 15 de novembro, recolle as características básicas desta Rede, que se constitúe en ferramenta de acción descentralizada formada por entidades que colaboran reciprocamente, baixo a dependencia da Dirección Xeral competente en materia de cooperativas e economía social.


A través desta Rede realizarase unha acción de divulgación que seguirá dous obxectivos fundamentais: por un lado, a estimulación de novos proxectos cooperativos que sirvan de motores de creación de emprego e, por outro, a consolidación das empresas de economía social existentes grazas a avances no seu funcionamento e competitividade, facilitando asesoramento especializado.

Esta Rede Eusumo tamén ten como finalidade facilitar aos cidadáns as infraestruturas e recursos de institucións, entidades ou organización con interese en adherirse á Rede, unha maneira de facer aínda máis accesible o adherirse ao mundo cooperativo.

Entre os obxectivos da Rede Eusumo encóntranse a promoción e fomento do cooperativismo e a economía social, o emprendemento e, por último, a creación e consolidación de emprego a nivel local, rexional e transfronteirizo.

O Consello Galego de Cooperativas, coa colaboración de asociacións representativas e de fundacións de base cooperativa, a Xunta de Galicia e a Consellería de Traballo e Benestar,


A Rede Eusumo réxese por un marco de acción que se orientan segundo os seguintes eixos:

 Información, formación, orientación e asesoramento en diversas temáticas vinculadas ao cooperativismo e fomento do autoemprego e o emprendemento cooperativo a través do acompañamento e asesoramento de proxectos cooperativos e da economía social. Dentro deste eixo destacarían unha serie de actividades tales como:


- Celebración de accións informativas e formativas sobre cooperativismo, no ámbito da xestión empresarial e

societaria: mercadotecnia, comercialización, organización, etcétera.


- Desenvolvemento de obradoiros de emprendemento cooperativo dirixidos a posibles emprendedores/as da zona, especialmente á xuventude.
- Dinamización de persoas potencialmente emprendedoras por parte da persoa responsable da titorización para crear grupos promotores que poidan pór en marcha empresas cooperativas.

 Reforzo da presenza de asociacións e empresas de economía social en redes de intercooperación de carácter nacional e internacional para a promoción do cooperativismo e a economía social. Neste senso destaca a seguinte actividade:


- Fomento da coordinación de accións e promoción de proxectos cooperativos de carácter internacional.
- Celebración de encontros de intercambio de boas prácticas no ámbito do cooperativismo entre cooperativas de éxito, coa promoción da participación de persoas emprendedoras.

 Promoción e fomento das tecnoloxías de información e comunicación, así como da I+D+i e do traballo en rede.

- Establecemento de centros de documentación que teñan documentos físicos e virtuais para a súa consulta por parte de cooperativas, persoas emprendedoras e público en xeral.
- Realización de accións formativas en materia de novas tecnoloxías.
- Celebración de feiras para expoñer os diferentes produtos e servizos cooperativos.

 Apoio á comercialización e internacionalización e celebración de encontros internacionais e transfronteirizos para o intercambio empresarial.

- Celebración de encontros de alto nivel para mellorar a comercialización entre empresas cooperativas da comarca, transfronteirizas e outras entidades de interese no sector.

 Realización de análises e estudos, favorecendo a investigación en temáticas de interese para a economía social, así como para o desenvolvemento local. Divulgación e sensibilización.

- Establecemento dunha liña permanente de investigación sobre posibilidades de desenvolvemento local para o territorio.
- Desenvolvemento de estudos sectoriais de interese para o sector e o fomento da cooperación entre entidades do territorio.

Centros da Rede Eusumo

Para que a área de influencia da Rede Eusumo abrangua a completa extensión territorial galega, contarase con diferentes centros, establecidos ben pola Consellería, ben polas entidades colaboradoras. Esta cadea de centros terá como obxectivo a execución de actividades, sobre todo daquelas de carácter informativo e de sensibilización cooperativa, cuxos destinatarios serán os cidadáns. Ademais, a través destes centros fomentárase a colaboración con zonas transfronteirizas, promocionando así o cooperativismo

galego máis aló dos límites da nosa comunidade.

Organización e funcionamento

Ao fronte da Rede sitúase como máximo órgano a Dirección Xeral competente en materia de cooperativas e economía social. Este ente consolidará e fomentará dita Rede, ao mesmo tempo que se fará cargo da coordinación dos centros e da incorporación das entidades colaboradoras.

A Dirección Xeral terá tamén como competencia a planificación de cada



unha das actividades enmarcadas nesta rede colaborativa, así como a aprobación da programación, na cal terán acollida as propostas das institucións colaboradoras.

A comunicación entre as entidades participantes será fundamental para acadar unha base sólida no funcionamento da Rede Eusumo. Incidindo na boa colaboración, axilizarase a realización das propostas dos compoñentes da Rede e mellorarase a súa eficiencia.

▼ O desenvolvemento da innovación é unha das accións da Rede.



As entidades colaboradoras

Na Rede Eusumo poden pasar a formar parte do elenco de entidades colaboradoras todas aquelas que queiran participar no desenvolvemento da economía social, así como apoiar o emprendemento ou o desenvolvemento local. Nesta implicación real, ditas entidades terán que poñer recursos e medios a disposición da Rede Eusumo.

As entidades que o Decreto contempla para formar parte da Rede corresponderían ás seguintes tipoloxías:

- As asociacións de entidades de economía social.
- As administracións públicas.
- As fundacións e asociacións.
- As universidades, as cámaras de comercio, organizacións profesionais, empresariais e sindicais, así como outras entidades sen ánimo de lucro.
- As sociedades cooperativas galegas.

O apoio da Xunta de Galicia

A Consellería de Traballo e Benestar estimulará diferentes medidas que impulsen o fomento para a creación de emprego en clave cooperativa e de economía social.

Ademais, esta Consellería facilitará ás entidades colaboradoras e á Rede Eusumo os seguintes recursos:

- Medios técnicos necesarios para as labores de formación, información e asesoramento nos Centros da Rede Eusumo.
- Recursos didácticos e material divulgativo.
- Elementos e accións para a promoción, difusión e coñecemento do cooperativismo e a economía social tales como exposicións itinerantes, escola cooperativa móbil e calquera outro elemento e acción considerado para tal fin.
- Documentación de apoio en repositorios virtuais.
- Espazos web de apoio ao emprendemento cooperativo e da economía social, como son:

www.eusumo.coop
www.cooperativasdegalicia.coop
www.teleformacioncooperativa.coop

As oficinas de fomento cooperativo

No contexto da Rede Eusumo, cómpre destacar a colaboración da administración local á hora de realizar actividades de fomento do cooperativismo. Este desenvolvemento e divulgación da economía social por parte das administracións locais vén dado pola propia Lei de cooperativas de Galicia, que lles recomenda que teñan en conta ás cooperativas dentro dos seus programas de actuación.

Neste senso, e para impulsar o cumprimento desta previsión legal, a Consellería de Traballo e Benestar facilita a creación de Oficinas de Fomento Cooperativo, por parte de agrupamentos de concellos, e a súa integración na Rede Eusumo para que realicen as súas actividades neste contexto de colaboración.

O marco dos programas europeos

Todas as accións e medidas que se realizarán no marco da Rede Eusumo encádranse dentro do Programa Operativo do Fondo Social Europeo e, para ser máis exactos, no **Eixe: Promover a cooperación transnacional e interrexional**.

Impulsar o espírito emprendedor cooperativo tanto no ámbito comarcal como no transfronteirizo é a finalidade xeral de todas estas medidas. E para isto cómpre prestar apoio á creación e consolidación de empresas cooperativas e de economía social no territorio de actuación.

Neste marco, e concretamente desenvolvendo o seu tema prioritario número 80 "**Fomento de colaboracións, pactos e iniciativas a través de redes de partes interesadas**", tense en consideración a creación de redes de intercooperación no ámbito da economía social, así como dos servizos de información, orientación e asesoramento nesta temática.



As actividades do AIC

O Ano Internacional das Cooperativas creou un escenario propicio para que o Consello de Cooperativas difundise a potencialidade destas empresas á hora de desenvolver os proxectos profesionais e vitais das persoas, particularmente dos máis novos. A entidade galega, actuando seguindo as recomendacións da Alianza Cooperativa Internacional (organización independente que reúne, representa e serve a organizacións cooperativas en todo o mundo), fomentou a proxección das cooperativas como elementos dinamizadores de primeira orde para o desenvolvemento local.

Neste marco, o Consello de Cooperativas, en colaboración con diferentes asociacións ligadas ao mundo cooperativo, elaborou unha programación conxunta para a realización de distintos e numerosos eventos durante o ano 2012 e que continúa neste 2013.

Entre estas actividades destinadas a subliñar as potencialidades do modelo en cuestión, destacan as seguintes:

- ❖ Organización de seminarios técnicos:
 - Celebración da "Xornada técnica sobre a modificación da Lei de cooperativas de Galicia". Esta xornada técnica tiña como obxectivo que os destinatarios da recente modifica-

ción legal operada na regulación das cooperativas galegas, reciben as explicacións de primeira man sobre cales foron as causas que fixeron necesaria e conveniente a modificación da normativa, así como a filosofía e características máis salientables da Lei 14/2011, pola que se modifica a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.

- ❖ Declaracións de apoio institucional ao sector cooperativo do Consello Galego de Cooperativas e da Xunta de Galicia. Outra acción destacable foi a elaboración dun manifesto no que se involucraron entidades e persoas a título individual para salientar os valores e a capacidade de impulso económico e social do cooperativismo.

- ❖ Elaboración de publicacións, materiais educativos e campañas de difusión.

- ❖ Asistencia a eventos internacionais:

- Asistencia dunha delegación cooperativa galega á ICA EXPO 2012, Exposición Internacional de Manchester da Alianza Cooperativa Internacional que tivo lugar dende o día 31 de outubro ao 2 de novembro. Ca representación galega in situ, promoveuse a internacionalización e a intercooperación, así como

as relacións institucionais para o impulso do cooperativismo, ademais de acadar información suficiente para seleccionar os mercados internacionais máis adecuados para os produtos e servizos do sector cooperativo galego.

- ❖ Elaboración de webs específicas para a promoción da celebración do Ano Internacional das cooperativas e dos eventos programados:

- <http://www.cooperativasdegalicia.com/webs/anocoop2012/>
- <http://www.cooperativas2012.coop/>

- ❖ Celebración de eventos divulgativos.



A asistencia a eventos internacionais, outra oportunidade para promocionar o cooperativismo galego



Os programas de fomento do cooperativismo

Existen diversos programas e actividades impulsados e desenvolvidos pola Xunta de Galicia que teñen como finalidade servir de instrumentos específicos para o movemento cooperativista galego.

Nesta publicación preséntanse algunhas destas actuacións, recollendo unhas breves descricións e contactos das mesmas.



A REDE EUSUMO

Eusumo é unha rede, promovida pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, para o fomento das cooperativas e a economía social.

Este programa, cofinanciado polo Fondo Social Europeo 2007-2013, ten como obxectivos a promoción e fomento do cooperativismo e a economía social, o emprendemento e, por último, a creación e consolidación de emprego.

PÁXINA WEB www.eusumo.coop
CONTACTO e-mail: info@eusumo.coop
Tel.: +34 617 414 577



COOPERA +

Outra das actividades desenvolvidas pola Xunta é Coopera+. Este proxecto tenta aumentar o fomento do cooperativismo e a súa consolidación na Eurorexión Galicia- Norte de Portugal. Deste xeito, preténdese xerar máis empregos

na área e que os mesmos acaden unhas mellores condicións e calidade.

Este proxecto, cofinanciado polo programa de cooperación territorial España- Portugal 2007- 2013, centra as súas metas en fomentar a cultura emprendedora en clave cooperativa así como tamén facilitar ferramentas de apoio para o desenvolvemento do sector cooperativo.

Este programa, no que están vinculadas diferentes entidades tanto portuguesas como galegas, segue unha pautas que tamén procuran crear mecanismos transfronteirizos para a xeración de oportunidades de negocio e empregos, ao mesmo tempo que se acada unha maior comercialización e internacionalización das sociedades cooperativas.

PÁXINA WEB www.cooperamais.org
CONTACTO e-mail: subdirectorxcooperativas.traballo@xunta.es
Tel.: +34 981 544 647



I+COOPERA

I+COOPERA é un proxecto no que se enmarcan unha serie de actividades dirixidas ao fomento do cooperativismo mediante o apoio á investigación, desenvolvemento tecnolóxico, innovación e estímulo a redes.

Este programa, tamén cofinanciado polo Fondo Social Europeo 2008- 2013, ten como obxectivo acadar unha maior innovación tecnolóxica nas cooperativas galegas. Para chegar a tal fin, no proxecto I+COOPERA fórmulanse unha serie de actuacións:


*Brindar servizos de asesoramento e tutorización de proxectos de innovación tecnolóxica. Incidirase en eidos como a identificación de fontes de financiamento ou a creación de consorcios.

- Procurar formación ao persoal das cooperativas en temáticas relacionadas.
- Fomentar as relacións de cooperación sobre temáticas de interese para as cooperativas, creando sinerxías sostibles.

PÁXINA WEB www.innovacioncooperativas.com

CONTACTO e-mail: info@innovacioncooperativas.com

Tel.: +34 981 558 008



COOPERATIVÍZATE!

Baixo o slogan Cooperativízate! e promovido pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, creouse unha campaña de difusión da coo-

perativas e o autoemprego. O que se pretende con esta iniciativa é dar a coñecer as múltiples vantaxes que o modelo cooperativo ofrece aos novos emprendedores.

A campaña ten un carácter formativo e está principalmente dirixida a xente nova. Este programa conta tamén ca presenza dunha escola cooperativa móbil. Deste xeito téntase achegar o mundo das cooperativas aos estudantes galegos. Esta escola cooperativa móbil leva activa dende 2010 e dende outubro de 2012 a abril de 2013 achegará o cooperativismo a máis de 25 centros educativos en toda Galicia.

Cooperativízate! complétase cunha páxina web que contén información e contido educativo para os interesados no cooperativismo, así como tamén, posibilita a incorporación en foros de discusión e formación online sobre a materia.

Páxina web: cooperativizate.cooperativasdeg Galicia.com

TELEFORMACIÓN

Grazas o labor da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, en colaboración co Consello Galego de Cooperativas, creouse un servizo de formación online, no que se abarca a creación e xestión de cooperativas. Dito servizo está adaptado e orientado ás necesidades identificadas polas cooperativas galegas.

A teleformación supón que as cooperativas galegas poidan acceder ás tecnoloxías da información e da comunicación, así como tamén á material formativo axeitado.

Entre os cursos realizados destacan:

- Formación cooperativa
- Xestión e dirección cooperativa
- Habilidades sociais
- Mercadotecnia e comercialización de produtos e servizos
- Responsabilidade social das cooperativas

- Planificación estratéxica
- Muller, cooperativismo e igualdade de xénero

INCENTIVOS PROMOVIDOS POLA XUNTA DE GALICIA

Para completar todo este programas de fomento das cooperativas, ademais das actividades de formación, información e asesoramento, a Consellería de Traballo e Benestar tamén xestiona diversos programas de incentivos, os cales facilitan apoio ás cooperativas. Entre as accións que se engloban nestes incentivos, destacan:

Asesoramento inicial

✚ Asesoramento e acompañamento de proxectos. Neste punto existen unhas accións de seguimento que se exercen dende a execución dos procedementos previos, tales como orientación do proxecto e accións formativas e informativas, ata o inicio da actividade, na que se asesora a súa execución.

✚ Estudos de viabilidade, organización, comercialización, etcétera, de estatutos sociais e regulamentos de réxime interno e a formalización da escritura pública de constitución.

Financiamento para a incorporación de socios

✚ Axudas á cooperativa pola incorporación de persoas desempregadas como socios/as traballadores/as.

✚ Axudas ás persoas socias traballadoras que se incorporan á cooperativa para a súa achega ao capital social.

Xestión empresarial

✚ Formación das persoas socias en temas de dirección e xestión empresarial e novas tecnoloxías da información e a comunicación.

✚ Contratación de directores ou xerentes necesarios para a viabilidade da cooperativa.



Exposición itinerante, descubriendo o mundo da cooperación

A exposición itinerante tamén estivo en Betanzos.

“Descubre as cooperativas”, así versa o título que lle pon nome á unha das actividades de fomento do cooperativismo que levou a cabo a Xunta de Galicia. Trátase dunha exposición itinerante que, enmarcada dentro das liñas de acción da Rede Eusumo, leva ao público as vantaxes e capacidades do cooperativismo como fórmula empresarial capaz de xerar emprego e de ofrecer grandes oportunidades ao emprendedores.

Nesta exposición, organizada a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía, transmítese como o modelo cooperativo é unha vía de desenvolvemento e de cohesión social que pode facer fronte aos problemas de inseguridade do actual momento de crise.

Para que a mensaxe cale nos asistentes á exposición, esta está deseñada para ofrecer un percorrido dinámico e interactivo polas potencialidades das cooperativas, permitindo ao visitante coñecer as claves do modelo cooperativo.

- ❖ Que son as cooperativas
- ❖ Tipos de cooperativas que existen
- ❖ Como funcionan
- ❖ Cales son os seus valores
- ❖ Que pasos dar para crear unha
- ❖ Que apoios existen

Os visitantes a esta Exposición Itinerante terán a oportunidade de coñecer os distintos tipos de cooperativas, achegarse ás características do autoemprego cooperativo ou, incluso, coñecer se eles tamén teñen “madeira de cooperativistas”. E todo isto seralles accesible a través de paneis informativos e pantallas interactivas, para facer que este coñecemento do mundo cooperativo sexa entretido e dinámico.

“Descubre as cooperativas” é unha actividade que incide tanto na importancia das cooperativas á hora de crear emprego, como nas súas capacidades para xerar un desenvolvemento social e rural sostible. Estas características fan que o modelo cooperativo sexa idóneo

Esta mostra, iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar e cofinanciada polo Fondo Social Europeo, é unha actividade para a promoción da calidade do modelo cooperativo como alternativa para os emprendedores e público en xeral, unha aposta para facer que o espírito cooperativo chegue aos cidadáns dun xeito sinxelo, ameno e interactivo.

para a realidade socioeconómica galega, cuestión que tamén se transmite na exposición.

Directorio cooperativismo en Galicia

No seu labor de fomento e promoción do cooperativismo, a Consellería de Traballo e Benestar, leva a cabo unha acción de visibilización do mundo da economía social a través de Internet, empregando para tal fin a ferramenta das redes sociais. Deste xeito, gran parte das iniciativas cooperativas galegas atópanse tamén presentes en redes como Twitter, Facebook ou Tuenti, constituíndo esta iniciativa un impulso máis para universalizar o acceso de todos os sectores da sociedade aos valores, principios e virtudes do cooperativismo.

Neste apartado móstranse unha serie de exemplos da campaña de difusión en redes sociais.

Grupo de FACEBOOK

<http://www.facebook.com/#!/Cooperativizate>

TUENTI

<http://tuenti.com/cooperativizate>

TWITTER

<http://twitter.com/#!/cooperativizate>

Existen ademais diferentes páxinas web de contido formativo e informativo sobre o mundo cooperativo e sobre o Ano Internacional das Cooperativas. Algúns exemplos son:

CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

www.cooperativasdegalicia.coop

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL. SUBDIRECCIÓN XERAL DE COOPERATIVAS E ECONOMÍA SOCIAL

<http://traballo.xunta.es/portada-cooperativismo-e-economia-social>

REDE EUSUMO

www.eusumo.coop

PROXECTO COOPERA+

www.cooperamais.org

PROXECTO I+COOPERA

www.innovacioncooperativas.com

PORTAL DE INTERCOOPERACIÓN PRODUCTOS E SERVIZOS DAS COOPERATIVAS GALEGAS

www.intercooperar.coop

ANO INTERNACIONAL DAS COOPERATIVAS AIC

www.2012.coop

ANO INTERNACIONAL DAS COOPERATIVAS DE GALICIA XUNTA DE GALICIA

www.cooperativas2012.coop

Son numerosos os órganos públicos e privados galegos que ofrecen asesoramento e información acerca deste tipo de empresas que perseguen o interese colectivo como o son as cooperativas. A continuación recóllense os contactos de diferentes entes vinculados ao mundo da economía social.

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR. DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL.

Tel.: +34 981 544 647/ +34 981 544 666
Edif. Administrativos. San Lázaro, andar 0
15781 Santiago de Compostela

CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

Tel.: +34 881 999 268
Edificio Administrativo San Lázaro
Consellería de Traballo e Benestar – 2º
15781 Santiago de Compostela

ASOCIACIÓN DE COOPERATIVAS

UNIÓN DE COOPERATIVAS ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS – AGACA

Tel.: +34 981 584 911 / +34 981 584783
Rúa Tomiño, 22 Ent. Santiago de Compostela
Tel.: +34 982 201 514 / +34 982 201 543
Rúa Poeta Noriega Varela, 30 entrechán. Lugo
Tel.: +34 988 242 481
Rúa Bedoia, 7, 2º. Of. 1. Ourense

UNIÓN DE COOPERATIVAS AGRARIAS DE FERROL- UCAFE

Tel.: +34 981 372 798
Rúa Pascual Veiga, 33-35, entrecán
15403 Ferrol. A Coruña

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE ENSINO DE TRABALLO ASOCIADO DE GALICIA – UCE-TAG

Tel.: +34 986 866 149
Rúa Fernández Villaverde, 4-1º A Of. 3. Pontevedra
Tel.: +34 986 866 149
Rúa Teixeigueiras, 28- entrecán B. Navia, Vigo

FEDERACIÓN DE EMPRESAS COOPERATIVAS SINERXIA

Tel.: +34 986 896 526
Rúa Fernández Villaverde, 4-1º A Of. 3. Pontevedra

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO UGACOTA

Tel.: +34 981 575 578
Rúa do Hórreo, 104- baixo esquerda
15701 Santiago de Compostela

UNIÓN DE COOPERATIVAS DO MAR DE GALICIA- UGACOMAR

Tel.: +34 986 896 526
Rúa Fernández Villaverde 4, 1º oficina 3-4. Pontevedra

UNIÓN DE COOPERATIVAS DE VIVENDAS- UGACOVI

Rúa Bautizados, 1. 1º dta.
15703- Santiago de Compostela

UNIÓN DE COOPERATIVAS UCOGATRA

Tel.: +34 981 574 922
Costa de San Marcos 3, baixo
15820- Santiago de Compostela

REDE EUSUMO

CENTRO DE DESENVOLVEMENTO COOPERATIVO TRANSFRONTEIRIZO DE VERÍN

Tel.: +34 988 413 120
Parque Empresarial de Pazos
32619- Verín

FUNDACIÓN TERRA DE TRASANCOS- COOPERATIVA DO VAL

Tel.: +34 981 363 556 / +34 617 714 265
Vilacornelle, s/n – O Val
15441- Narón

FUNDACIÓN COREN

Tel.: +34 988 369 411 ext. 61214 / +34 617 414 577
Ctra. Nacional 120, Vía Provincial OU-0410, nº 41
Razamonde(Cenlle)
32459- Ourense

CAIXA RURAL DE LUGO

Tel.: +34 646 278 698
Rúa Fonte do Ranchos,2
27004- Lugo

FUNDACIÓN FEIRACO

Tel.: +34 981 818 340/ +34 659 830 597
Lg. De Pontemaceira, s/n Agrón
15864 Ames

CÁMARA DE COMERCIO DE VIGO

Tel.: +34 986 432 533
Rúa República Argentina, 18
36201- Vigo

COOPERACIÓN COOPERACIÓN



CONSELLO GALEGO DE
COOPERATIVAS



XUNTA
DE GALICIA